

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	3º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

Esta programación é unha guía do traballo que se quere realizar ao longo do curso. Comezamos este novo curso escolar co desexo de continuar no cambio da liña metodolóxica de traballo, abandonando os libros cara a un traballo por proxectos e tarefas integradas e a unha avaliación por competencias.

O centro está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiró, A Fraga, Guisande, Hervillás, A Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, A Serra, Tumbio e Xián.

Infraestructuras

O colexio, que data de do ano 1979, consta dun edificio, dun anexo de pista cuberta e de zona exterior de 10.000 m². É un centro de natureza rural, cunha soa liña e que imparte as ensinanzas de Educación Infantil e Primaria. Este curso dispón de sete aulas de Educación Primaria (Este curso hai dous grupos de 2ºP) e tres aulas de Educación Infantil que contan cunha profesora de apoio.

O centro dispón de:

Biblioteca Escolar cun amplo potencial dinamizador e incorporada ao Plambe.

Biblioteca creativa

Aula de usos múltiples

Aula de informática

Aula de música

Aula de inglés

Aula de relixión: Mestra compartida co CEIP de Donas, ven ao noso centro 3 días á semana.

Cociña

Horto escolar con invernadoiro.

Departamento de Orientación.

Aula de Audición e Linguaxe.

Aula de Pedagogía Terapéutica.

Sala de profesores.

Sala de dirección.

Local da ANPA.

Como servizos complementarios, o Centro conta con aula matinal, comedor escolar e transporte escolar.

A aula de 3º dispón dun recuncho de biblioteca de aula. Tamén temos canón de vídeo e encerado dixital interactivo, o que favorece a visualización de páxinas de internet na propia aula e a realización de actividades interactivas.

Alumnado:

Na actualidade o centro non posúe grupos moi masificados. Consta dun total de 165 alumnos/as e dun cadro docente na súa maioría definitivo.

O grupo clase de 3ºP está formado por 18 alumnos e alumnas, dos cales, 8 son nenos e 10 son nenas.

A área de Ciencias da Natureza concíbese como un ámbito cuxo obxectivo principal é que as nenas e os nenos cheguen a ser persoas activas, responsables e respectuosas co mundo no que viven, adquirindo os coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para que poidan construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e sustentable.

As ciencias naturais supoñen, polo tanto, comprender a ciencia como un proceso de investigación, a través da observación sistemática, a medición, a experimentación e a formulación de hipóteses, como base do método científico e eixe central da materia, intentando así dar resposta aos principais problemas dunha sociedade globalizada.

Por outra banda, a dixitalización das contornas de aprendizaxe fai preciso que o alumnado faga un uso seguro, eficaz e responsable da tecnoloxía, que xunto coa promoción do espírito emprendedor e o desenvolvemento das destrezas e técnicas básicas do proceso tecnolóxico, facilitarán a resposta ás necesidades da contorna.

Esta materia está dividida en catro unidades didácticas: "O corpo humano e alimentación saudable", "Os animais e as plantas", "Ecosistemas" e "Materia, forzas e enerxía". Traballarase por proxectos e tarefas integradas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O CORPO HUMANO E ALIMENTACIÓN SAUDABLE	Realizaremos un proxecto sobre o corpo humano, as súas partes, diferentes aparellos, ósos, músculos. Alimentación saudable e saúde	20	35	X		
2	OS ANIMAIS E AS PLANTAS	Imos traballar as características e a clasificación dos animais vertebrados e invertebrados. Por outro lado, realizaremos un proxecto sobre información e clasificación de plantas atendendo a diferentes criterios e características.	20	20		X	
3	ECOSISTEMAS	Identificaremos diferentes ecosistemas, os seus elementos característicos, a relación do ser humano co medio, a biodiversidade e accións de protección e conservación.	30	15		X	
4	MATERIA, FORZAS E ENERXÍA	Nesta unidade traballaremos as propiedades dos elementos, as diferentes fontes de enerxía, efectos das forzas e problemas ecosociais.	30	35			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O CORPO HUMANO E ALIMENTACIÓN SAUDABLE	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o produto final dos proxectos de deseño explicando os pasos seguidos.	PE	20
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas sinxelas e realiza predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos da natureza.	TI	80
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información en libros e páxinas web propostas, adquirindo léxico científico básico.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos guiados, de xeito individual e en equipo, empregando medicións, observacións e rexistrando os datos obtidos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar o resultado das investigacións con frases sinxelas ou cunha representación gráfica ou escrita do acontecido.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, con axuda, para crear contidos dixitais sinxelos.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Crear un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño utilizando ferramentas adecuadas.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas de equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación. - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...). - Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
2	OS ANIMAIS E AS PLANTAS	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características e propiedades das plantas a través de metodoloxías de indagación.	PE	40
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural.		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer e protexer o medio natural adoptando condutas respectuosas para a súa conservación e mellora.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o produto final dos proxectos de deseño explicando os pasos seguidos.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas sinxelas e realiza predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos da natureza.	TI	60
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información en libros e páxinas web propostas, adquirindo léxico científico básico.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos guiados, de xeito individual e en equipo, empregando medicións, observacións e rexistrando os datos obtidos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar o resultado das investigacións con frases sinxelas ou cunha representación gráfica ou escrita do acontecido.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, con axuda, para crear contidos dixitais sinxelos.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Crear un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño utilizando ferramentas adecuadas.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas de equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables. - Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio no que viven e realizan as funcións vitais. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas?) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación. - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...). - Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
3	ECOSISTEMAS	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural.	PE	30
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Coñecer e protexer o medio natural adoptando condutas respectuosas para a súa conservación e mellora.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o produto final dos proxectos de deseño explicando os pasos seguidos.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas sinxelas e realiza predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos da natureza.	TI	70
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información en libros e páxinas web propostas, adquirindo léxico científico básico.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos guiados, de xeito individual e en equipo, empregando medicións, observacións e rexistrando os datos obtidos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar o resultado das investigacións con frases sinxelas ou cunha representación gráfica ou escrita do acontecido.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características dos elementos do medio natural empregando as ferramentas e procesos adecuados.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, con axuda, para crear contidos dixitais sinxelos.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Crear un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño utilizando ferramentas adecuadas.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas de equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables. - Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas nas que realizan as funcións vitais. - Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio no que viven e realizan as funcións vitais.

Contidos

- Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada.
- Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias.
- Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción.
- Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe:
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo.
- Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet.
- Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).
- Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet.
- Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto.
- Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas?) e estratexias de actuación.
- Proxectos de deseño e pensamento computacional:
- Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto.
- Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación.
- Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...).
- Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico.
- Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
4	MATERIA, FORZAS E ENERXÍA	35

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as propiedades e características da materia e dos materiais.	PE	35
CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.	Coñecer as fontes de enerxía máis importantes.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais e propoñer algunha solución, recoñecendo comportamentos respectuosos e expresando os cambios positivos e negativos causados pola acción humana.		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Presentar o produto final dos proxectos de deseño explicando os pasos seguidos.		
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Formular preguntas sinxelas e realiza predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos da natureza.	TI	65
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Buscar información en libros e páxinas web propostas, adquirindo léxico científico básico.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Realizar experimentos guiados, de xeito individual e en equipo, empregando medicións, observacións e rexistrando os datos obtidos.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comunicar o resultado das investigacións con frases sinxelas ou cunha representación gráfica ou escrita do acontecido.		
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción de calor e os seus efectos sobre os corpos.		
CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos realizando experiencias sinxelas e investigacións con máquinas e aparellos.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Usar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, con axuda, para crear contidos dixitais sinxelos.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Crear un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño utilizando ferramentas adecuadas.		
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Participar en diversas tarefas de equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Identificación dos estados nos que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga. - Fontes de enerxía renovables e non renovables. - A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación. - Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá. - Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais). - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación. - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...). - Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

Fomentarase a aprendizaxe por competencias: con metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real: as tarefas integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo, velando por un tratamento equilibrado das mesmas.

Mediante o traballo colaborativo e en equipo, integraranse as distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e atenderase aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo.

A atención personalizada, velará polas necesidades individuais do alumnado, e permitirá que se establezan os mecanismos de reforzo no momento en que se detecten dificultades de aprendizaxe.

A metodoloxía de traballo no noso centro concrétese nos seguintes puntos:

Traballo por proxectos e tarefas integradas, relacionados coa vida cotiá que terán que resolver de modo grupal interactuando e argumentando as súas decisións.

Pódese dicir que todo o proxecto de traballo estruturarase en seis fases fundamentais:

Fase 1.- Que sabemos (ideas previas) e que queremos saber (preguntas que nos facemos)

Fase 2.- Busca de información: en libros, contos, revistas, internet, preguntas aos nosos maiores, vídeos ... e partir de aí establecemos:

- Obxectivos
- Tempos e espazos
- Recursos
- Actividades

Fase 3.- Realización das actividades.

Fase 4.- Síntese e Itinerario: recapitulación do traballo e elaboración dos dossier.

Fase 5.- Avaliación: da mestra/e; dos nenos/as; de outros.

Aprender a pensar. Promoveranse estratexias para aprender a razoar e a argumentar as súas opinións; así como a defender as súas ideas.

Aprender a observar, a analizar e deducir o que entra polos nosos sentidos.

Contextos compartidos: cunha periodicidade semanal realizaremos agrupamentos por ciclo para traballar tarefas, proxectos e/ou obradoiros concretos.

Aprendizaxe cooperativa. Queremos impulsar as relacións entre iguais, proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación dos puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando deste xeito toda forma de discriminación. Para iso, establecemos unha liña de aprendizaxe cooperativa desde 3 anos ata 6º, traballando unhas estruturas e dinámicas básicas que se van ampliando segundo avanzan a súa escolaridade. Coa aprendizaxe cooperativa buscamos atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva.

Principio de individualización da ensinanza. Atenderase aos ritmos e necesidades individuais do alumnado; é dicir, á diversidade do alumnado.

Atenderase ás intelixencias múltiples do alumno (intelixencia viso- espacial, lingüística, kinestésica- corporal, ecolóxica, lóxica matemática, interpersoal, intrapersoal e musical).

Partiremos do método científico e da resolución de problemas funcionais e relacionados coa experiencia cotiá para propiciar que o alumnado empregue habilidades de razoamento e reflexión.

Matemáticas manipulativas partindo das vivencias, observación e manipulación. Fase manipulativa e experimental, fase oral e gráfica e fase simbólica.

Enfoque globalizado, de xeito que a través dos proxectos, tarefas e actividades a traballar se engloben todas as áreas posibles.

Aprendizaxe significativa.- tomaremos como punto de partida o que o alumno coñece e teremos en conta as súas necesidades e intereses para crear novos coñecementos.

Aprendizaxe lúdica: deseñaremos actividades variadas e con gran compoñente lúdico, pois consideramos que xogando se pode aprender moito e máis doado.

Participación activa: pretendemos que os alumnos aprendan facendo eles mesmos as actividades (gañando pouco a pouco en autonomía). Deste modo, tentaremos estimular a súa actividade en todos os aspectos: manipulativo, motórico, cognitivo, afectivo...

Proporcionarase variedade de recursos e espazos, así como flexibilización temporal en función das necesidades individuais ou de grupo. No desenvolvemento desta programación é esencial o emprego da Biblioteca escolar como fonte de recursos e como mediadora na adquisición da competencia informacional e do horto escolar como fonte de experiencias. Proporcionarase un ambiente cálido e acoledor.

Autoavaliación do alumnado e do profesorado. Tanto alumnado como o profesorado terán que autoavaliar o seu traballo, as súas melloras, o seu logro dos obxectivos, os seus puntos fortes e aqueles aspectos nos que haxa que mellorar.

Aprendizaxes funcionais: queremos que o alumno utilice o aprendido cando o precise, tanto na aplicación práctica do coñecemento adquirido como na súa utilización para levar a cabo novas aprendizaxes.

Potenciación da lectura comprensiva e o gusto pola lectura no seu tempo de lecer como aspecto fundamental para a adquisición de aprendizaxes..

Empregarase as novas tecnoloxías da información e a comunicación como medio para mellorar a nosa expresión e como busca e tratamento da información.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Tabletas para buscar información en grupo
Libros de consulta da biblioteca do centro e de aula
Páxinas web propostas para as actividades
Ordenadores de aula e de informática para búsqueda de información
Encerado dixital
Xogos didácticos e materiais manipulativos específicos das distintas áreas

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

Análise dos informes finais dos alumnos, do curso anterior, nos que podemos detectar a situación percibida polo profesorado de cada alumno en concreto, en xuño.

Avaliación inicial do grupo clase e de cada alumno en particular: para a detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

Esta Avaliación daranos unha idea da situación real de partida do alumnado.

A partir da información da finalización do curso 2022/2023 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares que determinen os equipos docentes e os departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza e aprendizaxe de todo o alumnado.

Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso, os equipos docentes en colaboración co departamento de Orientación, elaborarán as Adaptacións Curriculares, e os plans de reforzo e recuperación nos casos que sexan necesarios, coa aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións pertinentes.

Instrumentos de Avaliación Inicial: Para a avaliación inicial presencial, utilizaremos os seguintes instrumentos:

Exposicións orais e conversas de aula.

Elaboración dun texto escrito para valorar a caligrafía, ortografía, estruturación de textos, e o uso adecuado da gramática e vocabulario.

Escoitar un conto e responder preguntas sobre o contido do mesmo.

Lectura en voz alta.

Visionado de vídeos e comentario dos mesmos.

Lectura de textos científicos e posta en común.

Debuxo libre.

Experimentación coa cor.

Xogos de lóxica, numeración, medida, retos matemáticos...

Problemas con material manipulativo.

Ficha con problemas e operacións.

Informes do curso pasado.

Datos aportados pola familia.

Relación de dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Relación de dificultades de habilidades individuais.

Tarefas e pequenas experiencias en grupo e individuais.

Realización de tarefas escritas (escritura de trazos, palabras...)

Análise dos informes finais individualizados da aula e dos alumnos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	30	30	100
Proba escrita	20	40	30	35	32
Táboa de indicadores	80	60	70	65	68

Criterios de cualificación:

Para a avaliación do alumnado empregaremos diversos procedementos e instrumentos:

Observación e rexistro do traballo diario (actitude fronte a materia, rendemento, progresos, traballo en grupo...)

Revisión das tarefas realizadas (organización do traballo, presentación...)

Participación nas actividades propostas (autonomía, toma de decisións, relación cos compañeiros...)

Exposicións individuais e en grupo.

Probas de avaliación (adquisición dos contidos)

Valoración do portafolio e do traballo en equipo.

Autovaloracións do propio desenvolvemento do traballo.

Rúbricas e listas de cotexo con diferentes indicadores referentes á unidade a traballar.

Un exemplo de rúbrica para avaliar contidos da primeira unidade didáctica é unha táboa de dobre entrada onde apareza o grado de desenvolvemento do 1 ao 4: Non alcanza (1), en proceso (2), con axuda (3), alcanza (4) tendo en conta os seguintes indicadores: Identifica as diferentes partes do corpo, identifica os diferentes sistemas e aparellos

do corpo, identifica as funcións, coñece os diferentes hábitos saudables e rutinas e tarefas realizadas.

Criterios de recuperación:

Organizaranse Plans de reforzo e recuperación para o alumnado que o precise segundo os modelos do centro, con actividades e tarefas específicas:

Plan específico de reforzo educativo para alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Plan específico de reforzo educativo para alumnado repetidor: Non hai nesta aula

Plan específico de reforzo educativo para alumnado con materias pendentes.

6. Medidas de atención á diversidade

A finalidade destas medidas é adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado da aula.

No día a día tentaremos articular medidas para acadar os obxectivos propostos, como as seguintes:

Organización da aula en agrupamentos que posibiliten a colaboración e a cooperación: traballo en equipo, por parella, individual...

Partir dos coñecementos previos para adaptar e individualizar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Potenciar a autonomía e a reflexión persoal empregando diversas metodoloxías na resolución das tarefas.

Empregar recursos e materiais diversos: audiovisuais, manipulativos, tecnolóxicos ...

Favorecer un clima de confianza e respecto, potenciando o diálogo no aula.

Ademais adecuarase o proceso de ensino aprendizaxe a aqueles nenos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar NEAE (necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar) establecendo as medidas oportunas, curriculares e organizativas, do tipo de:

Detectar as necesidades educativas o máis pronto posible coa colaboración do Departamento de Orientación.

Mobilizar os recursos humanos e materiais precisos ante a detección de necesidades concretas dun/ha alumno/a.

Adaptar os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Realizar programas de reforzo e de ampliación, de ser preciso, establecendo plans de reforzo individuais.

Organizar, por parte do Departamento de Orientación, os reforzos e apoios do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

Elaborar, por en práctica e manter actualizadas as necesarias AC.

Permanecer durante un curso máis na etapa, ou flexibilizar, de ser necesario.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Tecnoloxías da información e da comunicación	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde	X	X	X	X
ET.6 - Educación ambiental	X	X	X	X
ET.7 - Desenvolvemento sostible e medio ambiente	X	X	X	X
ET.8 - Fomento da Creatividade, do Espírito Crítico e Científico	X	X	X	X

Observacións:

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas coa Comunidade de Montes	Recuperación de zonas queimadas na Serra do Galiñeiro	X		
Saídas coa Comunidade de Montes	Resinación de piñeiros no Monte de Santes	X	X	
Día do Medio Ambiente, 5 de xuño	Plantación dunha Moreira Péndula no patio de E. Infantil. Cada ano plantamos unha árbore e neste caso orientouse para que dera sombra e as follas sirvan de alimento para os vermes de seda que temos na aula.			X
Museo de Minerais	Visita ao Museo de Minerais en Porriño		X	

Observacións:

Teranse en conta as actividades complementarias propostas dende os diferentes equipos do Centro, de xeito que os contidos da disciplina sexan traballados no desenvolvemento das mesmas.

Os equipos que funcionan no centro son:

Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar: Apadriñamentos lectores, Contacontos, A Aventura de ler, Semana da prensa, Itinerarios lectores, Mochila viaxeira.

Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: Samain, Magosto, Día da Paz...

Equipo de Dinamización da Lingua Galega: Glosario sobre a temática anual, Festival de Panxoliñas e das Letras Galegas, O Xornaliño (revista escolar)...

Equipo Tics : Iniciación a robótica co proxecto Escornabots

Por outra banda, as saídas propostas ao comezo do curso (incluídas na Programación Xeral Anual do Centro) tamén forman parte do traballo diario, pois sempre se fai un traballo previo e un traballo posterior sobre elas.

Ademais faranse as saídas propostas polo claustro para realizar xunto con todos os alumnos do Centro (magosto, saída fin de curso).

Segundo ciclo:

Actividades ofertadas polo Concello de Gondomar ou outras entidades (Fundación Barrié, Deputación, Afundación , Museos ...) que sexan de interese e axeitadas aos alumnos/as do ciclo.

Saídas pola parroquia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das UD Existe unha distribución temporal equilibrada. O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo
Metodoloxía empregada
Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinariade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.) A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Grao de seguimento dos alumnos.. Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes Os criterios de promoción están acordados entre os profesores
Medidas de atención á diversidade
Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes. Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.
Outros
Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos. Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe. Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas. Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: ¿ Aos alumnos. ¿ Ás familias.

Descrición:

Tan importante como avaliar ao alumnado é facer unha reflexión profunda sobre a propia labor, que servirá para

modificar a labor docente cando os resultados obtidos non sexan os esperados.

Ao longo do curso, polo menos unha vez ao trimestre, nas reunións de ciclo o Equipo de profesores do curso reunirse para valorar e tomar decisións sobre os seguintes aspectos:

Preparación da clase e dos materiais didácticos

Utilización dunha metodoloxía adecuada

Regulación da práctica docente

Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias

Utilización de medidas para a atención á diversidade

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados. Na avaliación desta programación participarán os profesores que impartan esta área. O seguimento da programación anual realizarase trimestralmente

Teranse en conta os seguintes indicadores:

Seguimento da temporalización

Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.

Dificultades acaecidas.

Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.

Resultados trimestrais das avaliacións.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

Unha modificación da metodoloxía empregada.

Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.

Modificacións na temporalización.

Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias Sociais	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	16
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	17
9. Outros apartados	17

1. Introducción

Esta programación é unha guía do traballo que se quere realizar ao longo do curso. Comezamos este novo curso escolar co desexo de continuar no cambio da liña metodolóxica de traballo, abandonando os libros cara a un traballo por proxectos e tarefas integradas e a unha avaliación por competencias.

O centro está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiró, A Fraga, Guisande, Hervillás, A Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, A Serra, Tumbio e Xián.

Infraestructuras

O colexio, que data de do ano 1979, consta dun edificio, dun anexo de pista cuberta e de zona exterior de 10.000 m². É un centro de natureza rural, cunha soa liña e que imparte as ensinanzas de Educación Infantil e Primaria. Este curso dispón de sete aulas de Educación Primaria (Este curso hai dous grupos de 2ºP) e tres aulas de Educación Infantil que contan cunha profesora de apoio.

O centro dispón de:

Biblioteca Escolar cun amplo potencial dinamizador e incorporada ao Plambe.

Biblioteca creativa

Aula de usos múltiples

Aula de informática

Aula de música

Aula de inglés

Aula de relixión: Mestra compartida co CEIP de Donas, ven ao noso centro 3 días á semana.

Cociña

Horto escolar con invernadoiro.

Departamento de Orientación.

Aula de Audición e Linguaxe.

Aula de Pedagogía Terapéutica.

Sala de profesores.

Sala de dirección.

Local da ANPA.

Como servizos complementarios, o Centro conta con aula matinal, comedor escolar e transporte escolar.

A aula de 3º dispón dun recuncho de biblioteca de aula. Tamén temos canón de vídeo e encerado dixital interactivo, o que favorece a visualización de páxinas de internet na propia aula e a realización de actividades interactivas.

Alumnado:

Na actualidade o centro non posúe grupos moi masificados. Consta dun total de 165 alumnos/as e dun cadro docente na súa maioría definitivo.

O grupo clase de 3ºP está formado por 18 alumnos e alumnas, dos cales, 8 son nenos e 10 son nenas.

A materia de Ciencias Sociais axuda a coñecer as interaccións entre a actividade humana e o medio natural e social, así como o impacto ambiental que xeran. Desta forma, o alumnado involucrarase na adquisición de hábitos de vida sustentable e na participación social.

Tamén se fai especial énfase no rexeitamento de calquera tipo de discriminación e na convivencia pacífica, co obxectivo de formar unha futura cidadanía responsable, participativa e solidaria.

Por outra banda, a dixitalización das contornas de aprendizaxe fai preciso que o alumnado faga un uso seguro, eficaz e responsable da tecnoloxía, que xunto coa promoción do espírito emprendedor e o desenvolvemento das destrezas e técnicas básicas do proceso tecnolóxico, facilitarán a resposta ás necesidades da contorna.

Esta materia está dividida en tres unidades didácticas: "A Terra", "A Sociedade" e "Outros tempos". Traballarase por proxectos e tarefas integradas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede.	3		4	1-2-3-4-5				4
OBX2 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural, social e cultural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, social e cultural, analizando a súa organización e propiedades e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o valor do patrimonio cultural, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, desde os puntos de vista social, económico, cultural, tecnolóxico e ambiental, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Observar, comprender e interpretar continuidades e cambios do medio natural, social e cultural, analizando relacións de causalidade, simultaneidade e sucesión, para explicar e valorar as relacións entre diferentes elementos e acontecementos.	3		4		4	1-3	2	1
OBX6 - Recoñecer e valorar a diversidade e a igualdade de xénero, mostrando empatía e respecto por outras culturas e reflexionando sobre cuestións éticas, para contribuír ao benestar individual e colectivo dunha sociedade en continua transformación e ao logro dos valores de integración europea.		3			3	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Participar na contorna e na vida social de forma eficaz e construtiva desde o respecto aos valores democráticos, os dereitos humanos e da infancia e os principios e valores da Constitución española e a Unión Europea, valorando a función do Estado e as súas institucións no mantemento da paz e seguridade integral cidadá, para xerar interaccións respectuosas e equitativas e promover a resolución pacífica e dialogada dos conflitos.	5				1	1-2-3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Terra	Este unidade axuda a que o alumnado coñeza as interaccións entre as actividades humanas e o medio natural e social. Tamén pretende que o alumnado se involucre na adquisición de hábitos de vida sustentable.	34	24	X		
2	A Sociedade	Esta unidade amosará un enfoque da convivencia pacífica e do rexeitamento de calquera tipo de discriminación. Tratará de introducir ao alumnado no contexto social dunha maneira máis cívica sustentable e comprometida.	33	23		X	
3	Outros tempos	Pártese de situacións do presente e da contorna local para obter unha comprensión global da realidade histórica máis próxima. Pártese duns coñecementos básicos da historia de Galicia e de España.	33	23			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Terra	24

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural, social e cultural a través de metodoloxías da indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar certas características e elementos do medio natural, social e cultural.	PE	20
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural, social e cultural, mostrando comprensión das relacións que se establecen.	Identificar as conexións entre os elementos do medio natural, social e cultural.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar tablet, ordenador, páxinas web e bogue do ciclo buscando información e creando contidos dixitais sinxelos.	TI	80
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas sinxelas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social e cultural próximo.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información en libros e páxinas web propostas, adquirindo léxico científico básico.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos guiados de xeito individual e en equipo, empregando medicións, observacións e rexistrando os datos obtidos.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades escolares asumindo responsabilidades e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA2.3 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica estilos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado, corresponsabilidade e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Identificar problemas ecosociais, propoñer solucións e poñer en práctica modos de vida sustentable recoñecendo as accións positivas e negativas realizadas polo ser humano.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións.

Contidos

- Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero.
- Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos.
- Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual
- A Terra e as catástrofes naturais. Elementos, movementos e dinámicas que ocorren no universo.
- O clima e a paisaxe. Os fenómenos atmosféricos. Toma e rexistro de datos e variables meteorolóxicas (temperatura, humidade, vento, precipitacións) e a súa representación gráfica e visual: o climograma.
- Coñecemento do espazo. Representación do espazo. Representación da Terra a través do globo terráqueo, os mapas e outros recursos dixitais. Uso de planos do barrio ou da localidade, como representación gráfica de espazos. Interpretación de lendas e símbolos cartográficos elementais en mapas.
- O cambio climático. Introducción ás causas e consecuencias do cambio climático, e o seu impacto nas paisaxes da Terra.
- Responsabilidade ecosocial. Ecodependencia e interdependencia entre persoas, sociedades e medio natural.
- Estilos de vida sustentable. O consumo e a produción responsables, a alimentación equilibrada e sustentable, o uso eficiente da auga e da enerxía, a mobilidade segura, saudable e sustentable, e a prevención e a xestión dos residuos.

UD	Título da UD	Duración
2	A Sociedade	23

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Coñecer os principais órganos de goberno e funcións de diversas administracións e servizos públicos, valorando a importancia da súa xestión para a seguridade integral cidadá e a participación democrática.	Coñecer os principais órganos de goberno e funcións dos servizos públicos, valorando a súa xestión para a seguridade cidadá e a participación democrática.	PE	20
CA3.4 - Interiorizar normas básicas para a convivencia no uso dos espazos públicos como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción, identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura, saudable e sustentable tanto para as persoas como para o planeta.	Interiorizar normas básicas de convivencia en espazos públicos identificando os sinais de tráfico e tomando conciencia da importancia dunha mobilidade segura e saudable.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar tablet, ordenador, páxinas web e bogue do ciclo buscando información e creando contidos dixitais sinxelos.	TI	80
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas sinxelas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social e cultural próximo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información en libros e páxinas web propostas, adquirindo léxico científico básico.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoa correctamente.	Realizar experimentos guiados de xeito individual e en equipo, empregando medicións, observacións e rexistrando os datos obtidos.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades escolares asumindo responsabilidades e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA3.1 - Analizar a importancia demográfica, cultural e económica das migracións na actualidade, valorando con respecto e empatía a achega da diversidade cultural ao benestar individual e colectivo.	Coñecer as características básicas das migracións na actualidade aceptando a diversidade cultural. Coñecer algúns dos órganos de goberno e servizos públicos básicos.		
CA3.2 - Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.	Valorar positivamente as accións que fomentan a igualdade de xénero e as condutas non sexistas recoñecendo modelos positivos ao longo da historia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - Desigualdade social e acceso aos recursos. Usos do espazo polo ser humano e evolución das actividades produtivas. - Costumes, tradicións e manifestacións culturais da contorna. Respecto pola diversidade cultural que convive na contorna da cohesión social. A cultura de paz e non violencia. - Organización política e territorial de Galicia. - Organización e funcionamento da sociedade. As principais institucións e entidades da contorna local, rexional e nacional e os servizos públicos que prestan. Estrutura administrativa de Galicia. - Ocupación e distribución da poboación no espazo e análise dos principais problemas e retos demográficos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Representación gráfica e cartográfica da poboación. A organización do territorio en Galicia. - Igualdade de xénero e conduta non sexista. Análise e reflexión sobre os estereotipos de xénero. - Seguridade viaria. A cidade como espazo de convivencia. Normas de circulación, sinais e marcas viarios. Mobilidade segura, saudable e sustentable como peóns ou como usuarios dos medios de locomoción. - Compromisos e normas para a vida en sociedade.

UD	Título da UD	Duración
3	Outros tempos	23

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, empregando as nocións de causalidade, simultaneidade e sucesión.	Identificar feitos da contorna social e cultural desde a Prehistoria ata a Idade Antiga.	PE	20
CA4.3 - Coñecer persoas, grupos sociais relevantes e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.	Coñecer persoas, grupos sociais e formas de vida das sociedades desde a Prehistoria ata a Idade Antiga, incorporando a perspectiva de xénero.		
CA1.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Utilizar tablet, ordenador, páxinas web e bogue do ciclo buscando información e creando contidos dixitais sinxelos.	TI	80
CA1.2 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas, demostrando curiosidade polo medio natural, social e cultural próximo.	Formular preguntas sinxelas e realizar predicións razoadas sobre o medio natural, social e cultural próximo.		
CA1.3 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural e adquirindo léxico científico básico.	Buscar información en libros e páxinas web propostas, adquirindo léxico científico básico.		
CA1.4 - Realizar experimentos guiados utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando de forma segura instrumentos e dispositivos, realizando observacións e medicións precisas e rexistrándoas correctamente.	Realizar experimentos guiados de xeito individual e en equipo, empregando medicións, observacións e rexistrando os datos obtidos.		
CA1.5 - Realizar actividades no contexto da comunidade escolar, asumindo responsabilidades e establecendo acordos de forma dialogada e democrática e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.	Realizar actividades escolares asumindo responsabilidades e empregando unha linguaxe inclusiva e non violenta.		
CA4.1 - Protexer o patrimonio natural e cultural e valoralo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Protexer o patrimonio natural e cultural adoptando condutas respectuosas e propoñendo accións para a súa conservación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación (observación no tempo, identificación e clasificación, procura de patróns, creación de modelos, investigación a través de procura de información, experimentos con control de variables...). - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións. - Avances no pasado relacionados coa ciencia e a tecnoloxía que contribuíron a transformar a nosa sociedade mostrando modelos que incorporen unha perspectiva de xénero. - Propostas de traballo cooperativo que supoñan un proceso de investigación e acción por parte do alumnado e faciliten o proceso de autorregulación de aprendizaxes. Cooperación e diálogo. Estratexias para a prevención e resolución de conflitos. - Dispositivos e recursos dixitais de acordo con as necesidades do contexto educativo. A aula virtual - As fontes históricas: clasificación e utilización das distintas fontes (orais, escritas, patrimoniais) como vía para a análise dos cambios e permanencias na localidade ao longo da historia. - O tempo histórico. Nocións temporais e cronoloxía. Localización temporal das grandes etapas históricas en eixes cronolóxicos. - As expresións artísticas e culturais prehistóricas e da antigüidade e a súa contextualización histórica desde unha perspectiva de xénero. - O patrimonio natural e cultural. Os espazos protexidos, culturais e naturais. O seu uso, coidado e conservación. - Iniciación na investigación e nos métodos de traballo para a realización de proxectos, que analicen feitos, asuntos e temas de relevancia actual con perspectiva histórica, contextualizándoos na época correspondente. - A acción de mulleres e homes como suxeitos na historia. Descubrimentos e inventos importantes ao longo da historia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave.

Fomentarase a aprendizaxe por competencias: con metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real: as tarefas integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo, velando por un tratamento equilibrado das mesmas.

Mediante o traballo colaborativo e en equipo, integraranse as distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e atenderase aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo.

A atención personalizada, velará polas necesidades individuais do alumnado, e permitirá que se establezan os mecanismos de reforzo no momento en que se detecten dificultades de aprendizaxe.

A metodoloxía de traballo no noso centro concrétese nos seguintes puntos:

Traballo por proxectos e tarefas integradas, relacionados coa vida cotiá que terán que resolver de modo grupal interactuando e argumentando as súas decisións.

Pódese dicir que todo o proxecto de traballo estruturarase en seis fases fundamentais:

Fase 1.- Que sabemos (ideas previas) e que queremos saber (preguntas que nos facemos)

Fase 2.- Busca de información: en libros, contos, revistas, internet, preguntas aos nosos maiores, vídeos ... e partir de aí establecemos:

- Obxectivos
- Tempos e espazos
- Recursos
- Actividades

Fase 3.- Realización das actividades.

Fase 4.- Síntese e Itinerario: recapitulación do traballo e elaboración dos dossier.

Fase 5.- Avaliación: da mestra/e; dos nenos/as; de outros.

Aprender a pensar. Promoveranse estratexias para aprender a razoar e a argumentar as súas opinións; así como a defender as súas ideas.

Aprender a observar, a analizar e deducir o que entra polos nosos sentidos.

Contextos compartidos: cunha periodicidade semanal realizaremos agrupamentos por ciclo para traballar tarefas, proxectos e/ou obradoiros concretos.

Aprendizaxe cooperativa. Queremos impulsar as relacións entre iguais, proporcionando pautas que permitan a confrontación e modificación dos puntos de vista, a coordinación de intereses, a toma de decisións colectivas, a axuda mutua e a superación de conflitos mediante o diálogo e a cooperación, superando deste xeito toda forma de discriminación. Para iso, establecemos unha liña de aprendizaxe cooperativa desde 3 anos ata 6º, traballando unhas estruturas e dinámicas básicas que se van ampliando segundo avanza a súa escolaridade. Coa aprendizaxe cooperativa buscamos atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva.

Principio de individualización da ensinanza. Atenderase aos ritmos e necesidades individuais do alumnado; é dicir, á diversidade do alumnado.

Atenderase ás intelixencias múltiples do alumno (intelixencia viso- espacial, lingüística, kinestésica- corporal, ecolóxica, lóxica matemática, interpersonal, intrapersonal e musical).

Partiremos do método científico e da resolución de problemas funcionais e relacionados coa experiencia cotiá para propiciar que o alumnado empregue habilidades de razoamento e reflexión.

Matemáticas manipulativas partindo das vivencias, observación e manipulación. Fase manipulativa e experimental, fase oral e gráfica e fase simbólica.

Enfoque globalizado, de xeito que a través dos proxectos, tarefas e actividades a traballar se engloben todas as áreas posibles.

Aprendizaxe significativa.- tomaremos como punto de partida o que o alumno coñece e teremos en conta as súas necesidades e intereses para crear novos coñecementos.

Aprendizaxe lúdica: deseñaremos actividades variadas e con gran compoñente lúdico, pois consideramos que xogando se pode aprender moito e máis doado.

Participación activa: pretendemos que os alumnos aprendan facendo eles mesmos as actividades (gañando pouco a pouco en autonomía). Deste modo, tentaremos estimular a súa actividade en todos os aspectos: manipulativo, motórico, cognitivo, afectivo...

Proporcionarase variedade de recursos e espazos, así como flexibilización temporal en función das necesidades individuais ou de grupo. No desenvolvemento desta programación é esencial o emprego da Biblioteca escolar como fonte de recursos e como mediadora na adquisición da competencia informacional e do horto escolar como fonte de experiencias. Proporcionarase un ambiente cálido e acoledor.

Autoavaliación do alumnado e do profesorado. Tanto alumnado como o profesorado terán que autoavaliar o seu traballo, as súas melloras, o seu logro dos obxectivos, os seus puntos fortes e aqueles aspectos nos que haxa que mellorar.

Aprendizaxes funcionais: queremos que o alumno utilice o aprendido cando o precise, tanto na aplicación práctica do coñecemento adquirido como na súa utilización para levar a cabo novas aprendizaxes.

Potenciación da lectura comprensiva e o gusto pola lectura no seu tempo de lecer como aspecto fundamental para a adquisición de aprendizaxes..

Empregaranse as novas tecnoloxías da información e a comunicación como medio para mellorar a nosa expresión e como busca e tratamento da información.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Tabletas para traballar por grupos
Páxinas web propostas para buscar información sobre o tema
Mapas, globo terráqueo, brúxula ...
Ordenadores
Libros de consulta e lectura
Xogos didácticos

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

Análise dos informes finais dos alumnos, do curso anterior, nos que podemos detectar a situación percibida polo profesorado de cada alumno en concreto, en xuño.

Avaliación inicial do grupo clase e de cada alumno en particular: para a detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

Esta Avaliación daranos unha idea da situación real de partida do alumnado.

A partir da información da finalización do curso 2022/2023 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares que determinen os equipos docentes e os departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza e aprendizaxe de todo o alumnado.

Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso, os equipos docentes en colaboración co departamento de Orientación, elaborarán as Adaptacións Curriculares, e os plans de reforzo e recuperación nos casos que sexan necesarios, coa aplicación nos reforzos de medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

Cofecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións pertinentes.

Instrumentos de Avaliación Inicial: Para a avaliación inicial presencial, utilizaremos os seguintes instrumentos:

Exposicións orais e conversas de aula.

Elaboración dun texto escrito para valorar a caligrafía, ortografía, estruturación de textos, e o uso adecuado da gramática e vocabulario.

Escoitar un conto e responder preguntas sobre o contido do mesmo.

Lectura en voz alta.

Visionado de vídeos e comentario dos mesmos.

Lectura de textos científicos e posta en común.

Debuxo libre.

Experimentación coa cor.

Xogos de lóxica, numeración, medida, retos matemáticos...

Problemas con material manipulativo.

Ficha con problemas e operacións.

Informes do curso pasado.
 Datos aportados pola familia.
 Relación de dificultades de aprendizaxe do alumnado.
 Relación de dificultades de habilidades individuais.
 Tarefas e pequenas experiencias en grupo e individuais.
 Realización de tarefas escritas (escritura de trazos, palabras...)
 Análise dos informes finais individualizados da aula e dos alumnos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Proba escrita	20	20	20	20
Táboa de indicadores	80	80	80	80

Criterios de cualificación:

Para a avaliación do alumnado empregaremos diversos procedementos e instrumentos:

Observación e rexistro do traballo diario (actitude, rendemento, progresos, traballo en grupo...)
 Revisión da caderno de traballo e das tarefas realizadas (organización do traballo, presentación...)
 Participación nas actividades propostas (autonomía, toma de decisións, relación cos compañeiros...)
 Exposicións individuais e en grupo.
 Probas de avaliación (adquisición dos contidos)
 Valoración do portafolio e do traballo en equipo.
 Autovaloracións do propio desenvolvemento do traballo.
 Rúbricas e listas de cotexo con diferentes indicadores referentes á unidade a traballar.
 Un exemplo de rúbrica para avaliar a busca e tratamento de información será unha táboa de dobre entrada onde apareza o grado de desenvolvemento do 1 ao 4: Non alcanza (1), en proceso (2), con axuda (3), alcanza (4) tendo en conta os seguintes indicadores: busca de información, obtención de información, tratamento e análise da información e valoración dos resultados.

Criterios de recuperación:

Organizaranse Plans de reforzo e recuperación para o alumnado que o precise segundo os modelos do centro, con actividades e tarefas específicas:

Plan específico de reforzo educativo para alumnado con dificultades de aprendizaxe.
 Plan específico de reforzo educativo para alumnado repetidor: Non hai nesta aula
 Plan específico de reforzo educativo para alumnado con materias pendentes.

6. Medidas de atención á diversidade

A finalidade destas medidas é adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado da aula.

No día a día tentaremos articular medidas para acadar os obxectivos propostos, como as seguintes:

Organización da aula en agrupamentos que posibiliten a colaboración e a cooperación: traballo en equipo, por parella, individual...

Partir dos coñecementos previos para adaptar e individualizar o proceso de ensino-aprendizaxe.

Potenciar a autonomía e a reflexión persoal empregando diversas metodoloxías na resolución das tarefas.

Empregar recursos e materiais diversos: audiovisuais, manipulativos, tecnolóxicos ...

Favorecer un clima de confianza e respecto, potenciando o diálogo no aula.

Ademais adecuarase o proceso de ensino aprendizaxe a aqueles nenos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar NEAE (necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar) establecendo as medidas oportunas, curriculares e organizativas, do tipo de:

Detectar as necesidades educativas o máis pronto posible coa colaboración do Departamento de Orientación.

Mobilizar os recursos humanos e materiais precisos ante a detección de necesidades concretas dun/ha alumno/a.

Adaptar os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

Realizar programas de reforzo e de ampliación, de ser preciso, establecendo plans de reforzo individuais.

Organizar, por parte do Departamento de Orientación, os reforzos e apoios do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

Elaborar, por en práctica e manter actualizadas as necesarias AC.

Permanecer durante un curso máis na etapa, ou flexibilizar, de ser necesario.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Tecnoloxías da información e da comunicación	X	X	X
ET.5 - Educación ambiental	X	X	X
ET.6 - Desenvolvemento sostible e medio ambiente	X	X	X
ET.7 - Fomento da Creatividade, do Espírito emprendedor e Científico	X	X	X

Observacións:

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, os seguintes elementos traballaranse en todas as disciplinas.

Comprensión lectora

Expresión oral e escrita

Comunicación audiovisual

Tecnoloxías da Información e da Comunicación

Emprendemento

Educación cívica e constitucional

Ademais, a escola fomentará:

Inclusión, igualdade de oportunidades e non discriminación por motivos de discapacidade.

Igualdade efectiva entre homes e mulleres, Prevención da violencia de xénero, igualdade de trato e non discriminación.

Promoverá a resolución pacífica de conflitos, e os valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralismo político, paz, democracia, dereitos humanos e rexeitamento da violencia terrorista e o respecto polo estado de dereito.

Prevención do racismo, xenofobia.

Prevención de estereotipos sexuais e da discriminación por orientación sexual ou identidade de xénero (LGTBIQ+).

Desenvolvemento sostible e o medio ambiente.

Riscos da explotación e abuso sexual.

Riscos derivados da utilización das tecnoloxías da información e comunicación.

Desenvolvemento do Espírito emprendedor.

Seguridade viaria para a mellora da convivencia.

En resumo, educaremos ao noso alumnado en:

Educación para a IGUALDADE: por motivos de discapacidade, de xénero, social-económica, racial, relixiosa

Educación para a PAZ: resolución e prevención de conflitos, violencia de xénero, terrorismo, guerra, explotacióne abuso sexual

Educación para a SAÚDE: prevención de abuso das TICs, ludopatías, alimentación, actividade física, educación para o consumo, educación vial ...

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas coa Comunidade de Montes	Recuperación de zonas queimadas na Serra do Galiñeiro	X		
Saídas coa Comunidade de Montes	Resinación de piñeiros no Monte de Santes	X		
Día do Medio ambiente, 5 de xuño	Plantación dunha arbore no patio de E. Infantil. Cada ano plantamos unha árbore e neste caso orientouse para que dera sombra e as follas sirvan de alimento para os vermes de seda que temos na aula.			X

Observacións:

Teranse en conta as actividades complementarias propostas dende os diferentes equipos do Centro, de xeito que os contidos da disciplina sexan traballados no desenvolvemento das mesmas.

Os equipos que funcionan no centro son:

Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar: Apadriñamentos lectores, Contacontos, A Aventura de ler, Semana da prensa, Itinerarios lectores, Mochila viaxeira.

Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: Samain, Magosto, Día da Paz...

Equipo de Dinamización da Lingua Galega: Glosario sobre a temática anual, Festival de Panxoliñas e das Letras Galegas, O Xornaliño (revista escolar)...

Equipo Tics : Iniciación a robótica co proxecto Escornabots

Por outra banda, as saídas propostas ao comezo do curso (incluídas na Programación Xeral Anual do Centro) tamén forman parte do traballo diario, pois sempre se fai un traballo previo e un traballo posterior sobre elas.

Ademais faranse as saídas propostas polo claustro para realizar xunto con todos os alumnos do Centro (magosto, saída fin de curso).

Segundo ciclo:

Actividades ofertadas polo Concello de Gondomar ou outras entidades (Fundación Barrié, Deputación, Afundación , Museos ...) que sexan de interese e axeitadas aos alumnos/as do ciclo e que segundo se desenvolva a situación da pandemia se poidan realizar.

Saídas pola parroquia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das UD Existe unha distribución temporal equilibrada. O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo
Metodoloxía empregada
Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinariade (en actividades, tratamento dos contidos, etc.) A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Grao de seguimento dos alumnos.. Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes Os criterios de promoción están acordados entre os profesores
Medidas de atención á diversidade
Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes. Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.
Clima de traballo na aula
Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos. Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe. Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas. Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñecer: ¿ Aos alumnos. ¿ Ás familias.

Descrición:

Tan importante como avaliar ao alumnado é facer unha reflexión profunda sobre a propia labor, que servirá para modificar a labor docente cando os resultados obtidos non sexan os esperados.

Ao longo do curso, polo menos unha vez ao trimestre, nas reunións de ciclo o Equipo de profesores do curso reunirse para valorar e tomar decisións sobre os seguintes aspectos:

Preparación da clase e dos materiais didácticos

Utilización dunha metodoloxía adecuada

Regulación da práctica docente

Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias

Utilización de medidas para a atención á diversidade

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados. Na avaliación desta programación participarán os profesores que impartan esta área. O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos:

Ao finalizar cada unidade didáctica,
trimestralmente
e anualmente.

Teranse en conta os seguintes indicadores:

Seguimento da temporalización

Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.

Dificultades acaecidas.

Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.

Resultados trimestrais das avaliacións.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:

Unha modificación da metodoloxía empregada.

Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.

Modificacións na temporalización.

Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	3º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	51
4.2. Materiais e recursos didácticos	53
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	54
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	56
6. Medidas de atención á diversidade	58
7.1. Concreción dos elementos transversais	59
7.2. Actividades complementarias	61
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	62
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	62
9. Outros apartados	63

1. Introducción

INTRODUCCIÓN:

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 3º curso de Educación Primaria, realizada en base á Concreción Curricular do centro e tendo en conta o Decreto vixente actual no que se establece o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conducta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuíndo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo - motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

CARACTERÍSTICAS PSICOEVOLUTIVAS ALUMNADO DE 2º CICLO (8 a 10 anos):

- **Ámbito cognitivo:** atópase en plena etapa do período das operacións concretas, o que supón que razoan lóxicamente, xa non emiten xuízos intuitivos propios do período anterior. Agora ben, o seu razoamento está vencellado á manipulación dos obxectos aos que éste se refire.

- **Ámbito motor:** teñen cada vez máis relacións co mundo que os rodea. Neste período, mostran unha maior forza e unha gran progresión na coordinación motora.

- **Ámbito afectivo-social:** nesta idade, ábrese a persoas e costumes diferentes ás súas, na que actúan de modo cada vez máis autónomo, poñéndose eles mesmos os seus fins e organizando as súas accións por sí solos en función dos seus proxectos e obxectivos. Nesta etapa advírtese unha segregación entre sexos, producíndose unha clara diverxencia entre os xogos dos nenos e das nenas. Neste período, o grupo organízase para converterse no verdadeiro centro da vida escolar.

CONTEXTUALIZACIÓN:

O centro está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiró, A Fraga, Guisande, Hervillás, A Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, A Serra, Tumbio e Xíán.

- Centro: CEIP SERRA VINCIOS

- Unidades: 10 (3 en EI e 7 en EP)

- Curso: 3º A

- Nº alumnos/as: 18 (10 nenas e 8 nenos)

- Nº total de alumnos/as: 165

- Contorna: Rural
- Instalacións: Patio cuberto con columnas, patios exteriores con zonas verdes e 1 pista de fútbol e 1 pista de baloncesto.
- Xornada escolar: continua (09:00 a 14:00)

As entidades máis significativas coas que conta a parroquia son:

- Asociación veciñal, na que se desenvolven distintas actividades culturais da parroquia para adultos e para nenos.
- Comunidade de Montes, que colabora aportando subvencións para a realización de diferentes actividades culturais e educativas no Centro.
- Escola e Banda de música, varias corais e grupos de gaitas e baile galego, dos que forman parte moitos dos nosos alumnos/as. A escola de música colabora co centro cun concerto didáctico anual.
- A.N.P.A. Santa Mariña, que organiza actividades extraescolares e excursións ao longo do curso. Tamén subvenciona parte do transporte nas saídas e algunhas actividades complementarias.
- Club de Fútbol de Vincios, do que forman parte moitos alumnos do Centro.
- Agrupación Deportiva do Val Miñor, coa que colabora o Centro en moitas actividades deportivas.

O centro dispón de:

<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación,

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - interrogación. - Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese. - Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns. - Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais. - Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa. - Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas. - Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

UD	Título da UD	Duración
5	Walking in the jungle.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñece e interpreta o sentido global e de palabras e frases traballadas e textos de tipoloxía variada.	TI	100
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Aplica estratexias en situacións comunicativas habituais para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiás empregando recursos verbais e non verbais.		
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribe palabras e frases moi breves e sinxelas empregando as asociacións de grafía e son traballadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participa en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Emprega fórmulas de cortesía adecuadas a cada situación.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta e explica información básica de forma guiada apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA2.3 - Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira, participando en actividades de autoavaliación e coavaliación, como as propostas no portfolio europeo das linguas (PEL).	Rexistrar e aplicar, de xeito guiado, os progresos e dificultades elementais no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe. - O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora. - Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados. - Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiáns; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo. - Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.

Contidos

- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.

UD	Título da UD	Duración
6	At the takeaway.	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e interpretar o sentido global e tamén palabras e frases previamente presentadas en textos de tipoloxía variada, orais, escritos e multimodais breves e sinxelos, sobre temas frecuentes, cotiás, de relevancia persoal e próximos á experiencia do alumnado, adecuados ao nivel de desenvolvemento e expresados de forma comprensible, clara e en lingua estándar a través de distintos soportes.	Recoñece e interpreta o sentido global e de palabras e frases traballadas e textos de tipoloxía variada.	TI	100
CA1.2 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias axeitadas en situacións comunicativas cotiás e de relevancia para o alumnado, para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos sobre temas familiares.	Aplica estratexias en situacións comunicativas habituais para captar o sentido global e procesar informacións explícitas en textos breves e sinxelos.		
CA1.3 - Expresar oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiás e de relevancia para o alumnado, seguindo modelos e utilizando recursos verbais e non verbais de forma guiada, prestando atención ao ritmo, a acentuación e a entoación.	Expresa oralmente frases curtas con información básica sobre asuntos cotiás empregando recursos verbais e non verbais.		
CA1.4 - Escribir palabras e frases moi breves e sinxelas, con adecuación á situación comunicativa proposta, a partir de modelos e a través de ferramentas analóxicas e dixitais, usando estruturas e léxico elementais, sobre asuntos cotiás e de relevancia persoal para o alumnado.	Escribe palabras e frases moi breves e sinxelas empregando as asociacións de grafía e son traballadas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves, útiles e sinxelas, adecuadas ás intencións comunicativas, usando, con axuda, recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Seleccionar e aplicar de forma guiada estratexias para producir mensaxes breves.		
CA1.6 - Participar en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información sobre temas cotiáns, de relevancia persoal e próximos á súa experiencia, preparadas previamente, apoiándose en recursos tales coma a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística.	Participa en situacións interactivas e sinxelas de intercambios breves de información.		
CA1.7 - Seleccionar e utilizar, de forma guiada e en situacións cotiáns, estratexias elementais para saudar, despedirse e presentarse; expresar mensaxes breves; e formular e contestar preguntas sinxelas.	Emprega fórmulas de cortesía adecuadas a cada situación.		
CA1.8 - Interpretar e explicar información básica de forma guiada, axudando en dificultades de comprensión, con empatía e interese polas interlocutoras e interlocutores, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Interpreta e explica información básica de forma guiada apoiándose en diversos recursos e soportes.		
CA2.2 - Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, de forma guiada e con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar e diferenciar os coñecementos e estratexias de mellora da súa propia capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira.		
CA3.1 - Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.	Actuar con respecto en situacións interculturais, identificando e comparando semellanzas e diferenzas elementais entre linguas e culturas, e amosando rexeitamento fronte a discriminacións, prexuízos e estereotipos de calquera tipo en contextos comunicativos cotiáns e habituais.		
CA3.2 - Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia pacífica e o respecto polos demais.	Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, mostrando interese por comprender elementos culturais e lingüísticos elementais e habituais que fomenten a convivencia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias para a adquisición da autoconfianza no uso da lingua estranxeira. - Técnicas de aprendizaxe.

Contidos

- O tratamento do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe e a súa aceptación como oportunidade de mellora.
- Estratexias básicas de uso común para a comprensión e a produción de textos orais; textos escritos e multimodais, breves, sinxelos e contextualizados.
- Funcións comunicativas básicas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir de xeito pautado persoas, obxectos e lugares; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; expresar rutinas de xeito guiado; dar indicacións e instrucións elementais; expresar o tempo, a cantidade e o espazo.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios de tipoloxía variada, tales como folletos, instrucións, normas, avisos ou conversacións reguladoras da convivencia (agradecer, desculparse, pedir permiso).
- Unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas, tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e número; espazo e as relacións espaciais; afirmación, exclamación, negación, interrogación.
- Léxico elemental relativo a relacións persoais próximas, vivenda, lugares e contornas de interese.
- Patróns sonoros, acentuais e de entoación básicos de uso común, e funcións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas de uso común e significados asociados aos formatos e elementos gráficos (signos de puntuación, siglas, símbolos).
- Convencións e estratexias de conversación básicas de uso común presenciais e simultáneas, ou a través doutros medios para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra e pedir e dar indicacións.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias elementais de procura guiada de información en medios analóxicos e dixitais.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción, cooperación e colaboración educativa.
- Recursos, destrezas, actitudes e situacións elementais que permiten iniciarse en actividades de mediación lingüística en situacións cotiás básicas.
- Estratexias básicas de uso común para identificar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas (léxico, fonemas similares, morfosintaxe, patróns sonoros, posición dos signos de interrogación e exclamación) a partir da comparación das linguas que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Comunicación e relación con persoas doutros países a través da lingua estranxeira: culturas e modos de vida diferentes.
- Participación en intercambios comunicativos planificados, con estudantes da lingua estranxeira, a través de diferentes medios.
- Patróns culturais elementais transmitidos a través dos usos da lingua estranxeira.
- Aspectos elementais socioculturais e sociolingüísticos máis representativos relativos aos costumes, a vida cotiá e as relacións interpersoais básicas en países nos que se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Iniciación nas estratexias básicas de detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A área de lingua estranxeira vaise tratar dende un enfoque comunicativo, centrado nos intereses dos alumnos e alumnas de 1º de Primaria. A escoita de contos en inglés vai ser o punto de partida para desenvolver este proxecto. A través da escoita activa reforzada cun apoio visual os alumnos gozarán coas actividades plantexadas.

Fundamentalmente as tarefas centraranse no desenvolvemento das competencias comunicativas *¿ listening e speaking*. Incorporaremos o teatro dentro da aula como ferramenta de expresión lingüística e corporal así como tamén para desenvolver a imaxinación e creatividade dos máis novos.

Parte das sesións dedicaranse ao traballo por estacións, empregando distintos tipos de xogos simbólicos e manipulativos que fomenten a comunicación. Estas estacións estarán monitorizadas pola mestra para explotar as posibilidades comunicativas e de adquisición lingüística que ofrecen.

Traballarase de forma proactiva a conciencia fonolóxica para favorecer, non so unha pronuncia correcta senón tamén unha mellor capacidade de comprensión e reflexión sobre os distintos sons da lingua estranxeira.

Fomentarase o uso de actividades TPR para asegurar unha maior oportunidade de éxito á hora de fixar os contidos asociando movento e linguaxe.

A incorporación de xogos, cancións, adiviñas, rimas e poemas en cada unha das unidades didácticas reforzará o enfoque lúdico e favorecerá unha aprendizaxe significativa da lingua estranxeira.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Contos
Flashcards e tarxetas
Xogos de mesa
Xogos manipulativos
Pósters e murais
Encerado dixital interactivo
Recursos audiovisuais
Rimas e cancións

Empregaranse materiais atractivos para o alumnado que fomenten a competencia comunicativa.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Debemos facer unha avaliación inicial durante a primeira semana do curso escolar que comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

-Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior, nos que podemos detectar a situación percibida polo Mestrado de cada alumno en concreto en xuño.

-Avaliación inicial do grupo clase e de cada alumno en particular: para a detección das aprendizaxes imprescindibles

non adquiridas no curso 2021-2022. Esta Avaliación daranos unha idea da situación real de partida do alumnado. Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso, os equipos docentes elaborarán os plans de reforzo e recuperación nos casos que sexan necesarios.

-Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións pertinentes.

Para a avaliación inicial presencial durante os primeiros días de clase realizaranse actividades orais de repaso que permitirán valorar o nivel xeral que presenta o alumnado nesta área. Isto servirá de referencia como punto de partida para o desenvolvemento do currículo.

As medidas a tomar son prestar especial reforzo ao bloque/s que presenten unha maior dificultade, así como reforzar ao alumnado que presente dificultades, tendo en conta as diferentes medidas que atención á diversidade especificadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	15	15	15	15	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

- Procedementos e evidencias :

Observación directa e sistemática do traballo realizado a nivel grupal, individual e de gran grupo.

- Instrumentos:

Táboas de indicadores que recollerán criterios e graos de consecución das diferentes evidencias que se queiran analizar segundo o seguinte modelo:

Vocabulario pasivo:

1. Recoñece de forma oral e sen dificultade todas as palabras do vocabulario traballado no tema.
2. Recoñece de forma oral todas as palabras do vocabulario traballado no tema, presentando dúbidas ou precisando axuda á hora de recoñecer algunha delas.
3. Recoñece a maior parte das palabras do vocabulario traballado no tema.
4. Recoñece de forma oral, con axuda de recursos extralingüísticos, a maior parte das palabras do vocabulario traballado no tema.
5. Non recoñece a maior parte de palabras do vocabulario traballado no tema aínda con axudas de recursos extralingüísticos.

Para obter a cualificación en cada unha das avaliacións analizaremos os datos recollidos cos instrumentos arriba citados en cada unha das unidades didácticas traballadas.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta, o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

As táboas de indicadores empregadas terán o seguinte peso para conformar a nota:

Coñecemento dos contidos traballados: 50%

Participación nas actividades propostas na aula usando como vehículo de comunicación a lingua estranxeira: 30%

Actitude e interese cara ao traballo na aula e á lingua estranxeira: 20%

Criterios de recuperación:

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Aqueles alumnos e alumnas que non avancen ao ritmo da maioría do seu grupo lles serán aplicadas medidas de apoio e reforzo educativo que lles permitan superar as súas dificultades do mellor xeito posible.

6. Medidas de atención á diversidade

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Levaremos a cabo medidas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten. A modo de exemplo citamos as seguintes:

- Organizar a aula dun xeito accesible que favoreza a autonomía do alumnado.
- Secuenciar a estrutura da sesión dun xeito claro para dar seguridade ao alumnado e reforzar a xestión das expectativas.
- Graduar as actividades propostas en función das capacidades individuais, tanto incrementando ou diminuindo a dificultade e adaptando os tempos.
- Empregar imaxes e pictogramas para clarificar as mensaxes na lingua estranxeira.
- Incidir nos centros de interese do alumnado para promover a motivación e o interese.
- Combinar actividades de mesa ou estáticas con outras de movemento.
- Aproveitar as TIC como recurso para a xestión dos tempos individuais en tarefas que así o requiran como en aquelas de comprensión oral.
- Empregar o traballo en equipos heteroxéneos para favorecer a axuda entre iguais.
- Adaptar os procedementos, así como os tempos de avaliación, ás características do alumnado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X		
ET.2 - Educación para a paz.		X			X	
ET.3 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.					X	X
ET.4 - Educación para a saúde.			X			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Equipo de Dinamización da Biblioteca Escolar	Apadriñamentos lectores, Contacontos, A Aventura de ler, Semana da prensa, Itinerarios lectores, Mochila viaxeira? Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: Samain, Magosto, Día da Paz...	X	X	X
Equipo de Dinamización da Lingua Galega	Glosario sobre a temática anual, Festival de Panxoliñas e das Letras Galegas, O Xornaliño (revista escolar)...	X	X	X
Actividades ofertadas polo Concello de Gondomar ou outras entidades	Actividades que sexan de interese e axeitadas aos alumnos/as do ciclo.	X	X	X
Saídas propostas polo claustro	Saídas pola contorna e outras con relación aos proxectos traballados.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Medidas de atención á diversidade
Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel.

Descrición:

Tan importante como avaliar ao alumnado é facer unha reflexión profunda sobre a propia labor, que servirá para modificar a labor docente cando os resultados obtidos non sexan os esperados. Ao longo do curso, polo menos unha vez ao trimestre, nas reunións de ciclo o Equipo de profesores do curso reunirse para valorar e tomar decisións sobre os anteriores aspectos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados. Na avaliación desta programación participarán os profesores que impartan esta área.

O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente.

Teranse en conta os seguintes indicadores:

- Seguimento da temporalización
- Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.
- Dificultades acaecidas.
- Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Resultados trimestrais das avaliacións.
- Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden supoñer:
- Unha modificación da metodoloxía empregada.
- Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
- Modificacións na temporalización.
- Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades.

Para a avaliación desta programación teranse en conta, máis concretamente, os indicadores establecidos no apartado anterior.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36014672	CEIP Serra-Vincios	Gondomar	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Lingua galega e literatura	3º Pri.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	32
4.2. Materiais e recursos didácticos	33
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	34
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	35
6. Medidas de atención á diversidade	36
7.1. Concreción dos elementos transversais	36
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	37
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	38
9. Outros apartados	38

1. Introducción

Esta programación é unha guía do traballo que se quere realizar ao longo do curso. Comezamos este novo curso escolar co desexo de continuar no cambio da liña metodolóxica de traballo, abandonando os libros cara a un traballo por proxectos e tarefas integradas e a unha avaliación por competencias.

O centro está situado no barrio da Serra, na parroquia de Vincios, pertencente ao concello de Gondomar. Vincios ten arredor de 2.300 habitantes repartidos en 15 barrios: Arcos, Brandufe, Casás, Cernada, Figueiró, A Fraga, Guisande, Hervillás, A Pasaxe, Piñeiro, Rocha, Salgueiro, A Serra, Tumbio e Xián.

Infraestructuras

O colexio, que data de do ano 1979, consta dun edificio, dun anexo de pista cuberta e de zona exterior de 10.000 m². É un centro de natureza rural, cunha soa liña e que imparte as ensinanzas de Educación Infantil e Primaria. Este curso dispón de sete aulas de Educación Primaria (Este curso hai dous grupos de 2ºP) e tres aulas de Educación Infantil que contan cunha profesora de apoio.

O centro dispón de:

Biblioteca Escolar cun amplo potencial dinamizador e incorporada ao Plambe.

Biblioteca creativa

Aula de usos múltiples

Aula de informática

Aula de música

Aula de inglés

Aula de relixión: Mestra compartida co CEIP de Donas, ven ao noso centro 3 días á semana.

Cociña

Horto escolar con invernadoiro.

Departamento de Orientación.

Aula de Audición e Linguaxe.

Aula de Pedagogía Terapéutica.

Sala de profesores.

Sala de dirección.

Local da ANPA.

Como servizos complementarios, o Centro conta con aula matinal, comedor escolar e transporte escolar.

A aula de 3º dispón dun recuncho de biblioteca de aula. Tamén temos canón de vídeo e encerado dixital interactivo, o que favorece a visualización de páxinas de internet na propia aula e a realización de actividades interactivas.

Alumnado:

Na actualidade o centro non posúe grupos moi masificados. Consta dun total de 165 alumnos/as e dun cadro docente na súa maioría definitivo.

O grupo clase de 3ºP está formado por 18 alumnos e alumnas, dos cales, 8 son nenos e 10 son nenas.

A lingua é un instrumento empregado constante e necesariamente na vida diaria tanto para entender como para producir mensaxes, nos intercambios comunicativos orais e escritos. Interactúase coa familia, coas amizades e con outras persoas (ámbito profesional) nas conversas diarias ou a través de cartas, correos electrónicos, mensaxes curtas, blogs...

Polo tanto, ter unha alta competencia lingüística e comunicativa permite que as persoas desenvolvan unha vida normal, que poidan interactuar con aqueloutras que pertencen ao seu contorno e que están próximas e tamén coas que están moi lonxe.

Ademais, a lingua está presente en calquera proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado emprega a lingua en calquera das súas clases no propio centro educativo, tanto para entender as instrucións e explicacións do profesorado e poder ser partícipe con el no proceso de descubrimento, como para poder xustificar e exemplificar a interiorización dos contidos.

A área de Lingua Galega e Literatura artículase en seis bloques:

- A lingua e os seus falantes.

- Comunicación oral.
- Comunicación escrita.
- Alfabetización mediática e informacional.
- Educación literaria.
- Reflexión sobre a lingua e os seus usos no marco de propostas de produción e comprensión de textos orais, escritos ou multimodais.

En cada unha das unidades deseñadas para esta programación inclúense contidos relativos a cada un destes bloques, que serán avaliados cos correspondentes criterios de avaliación. Preténdese así dar cobertura en todas as unidades aos aspectos fundamentais na aprendizaxe da lingua galega, de xeito que os bloques mencionados non sexan compartimentos estancos, senón un eixe vertebrador da nosa programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer a diversidade lingüística do mundo a partir da identificación das linguas do alumnado e a realidade lingüística de Galicia e plurilingüe e multicultural de España para favorecer a reflexión interlingüística, para identificar e rexeitar estereotipos e prexuízos lingüísticos, e para valorar esa diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais identificando o sentido xeral e a información máis relevante, e valorando con axuda aspectos formais e de contido básicos para construír coñecemento e responder a diferentes necesidades comunicativas.	2	2	1	3	3	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia, claridade e rexistro adecuados para expresar ideas, sentimentos e conceptos; construír coñecemento; establecer vínculos persoais; e participar con autonomía e unha actitude cooperativa e empática en interaccións orais variadas.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender e interpretar textos escritos e multimodais, recoñecendo o sentido global, as ideas principais e a información explícita e implícita, e realizando con axuda reflexións elementais sobre aspectos formais e de contido, para adquirir e construír coñecemento e para responder a necesidades e intereses comunicativos diversos.	2-3-5	2	1	1	4-5			
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais, con corrección gramatical e ortográfica básicas, seriando correctamente os contidos e aplicando estratexias elementais de planificación, textualización, redacción, revisión e edición para construír coñecemento e para dar resposta a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Buscar, seleccionar e contrastar información procedente de dúas ou máis fontes, de forma planificada e co debido acompañamento, avaliando a súa fiabilidade e recoñecendo algúns riscos de manipulación e desinformación, para transformala en coñecemento e para comunicala de maneira creativa, adoptando un punto de vista persoal e respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	5	2	3	
OBX7 - Ler de maneira autónoma obras diversas seleccionadas atendendo aos seus gustos e intereses, compartindo as experiencias de lectura, para iniciar a construción da identidade lectora, para fomentar o gusto pola lectura como fonte de pracer e para gozar da súa dimensión social.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e analizar, de maneira acompañada, obras ou fragmentos literarios adecuados ao seu desenvolvemento, establecendo relacións entre eles e identificando o xénero literario e as súas convencións fundamentais, para iniciarse no recoñecemento da literatura como manifestación artística e fonte de pracer, coñecemento e inspiración para crear textos de intención literaria.	1-2-4							1-2-3-4
OBX9 - Reflexionar de forma guiada sobre a linguaxe a partir de procesos de produción e comprensión de textos en contextos significativos, utilizando a terminoloxía elemental adecuada para iniciarse no desenvolvemento da conciencia lingüística e para mellorar as destrezas de produción e comprensión oral e escrita.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática utilizando unha linguaxe non discriminatoria e detectando e rexeitando os abusos de poder a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz senón tamén ético da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que esperamos do cole?	Lectura, entoación e comprensión. Expresar oralmente acontecementos propios. Expresar expectativas. Letras, sílabas, palabras. Orde alfabética. O dicionario. As linguas que se falan no colexio. O conto.	11	16	X		
2	Comemos produtos de tempada.	Lectura, entoación e comprensión. Tradicións de outono. Investigación e exposición: produtos de outono. Información en internet: selección e análise. Texto expositivo. O substantivo: xénero e número. Ortografía: c/q.	13	18	X		
3	Convivimos. Somos iguais, somos diferentes.	Lectura, entoación e comprensión. Como somos, como nos ven. A descrición. Enumeración de características, uso da coma. Respectamos e valoramos as diferenzas. Sinónimos e antónimos. O adxectivo. Poemas. Versos e rima.	13	20	X		
4	O futuro da Terra.	Lectura, entoación e comprensión. Investigación: ameazas para o noso planeta. Texto científico. A noticia. Argumentación. Ofrecer opcións e razoar a súa idoneidade. Palabras polisémicas. Ortografía: uso de c/z. Palabras que acompañan ao substantivo: os artigos determinados e indeterminados.	13	18		X	
5	Divertímonos nas nosas festas	Lectura, entoación e comprensión. Coplas de entroido. Poesía: a rima. Estrofa e verso. Recitado. Investigación: O entroido no noso pobo/ noutros pobos de Galicia/ noutros lugares de España/ noutros lugares do mundo. Palabras compostas. Ortografía: palabras con b.	13	18		X	
6	Natureza arredor.	Lectura, entoación e comprensión. A fábula. Aplicar as ensinanzas das fábulas á vida cotiá proporcionando exemplos reais. Texto instrutivo. Escribir noticias sobre animais en perigo de extinción. As contraccións cos artigos determinados e	13	18		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	Natureza arredor.	indeterminados. Diminutivos e aumentativos. Ortografía: palabras con v.	13	18		X	
7	Coidámonos.	Lectura, entoación e comprensión. Páxina web e blog: buscar información sobre hábitos saudables. Enquisa: realizar enquisa sobre hábitos saudables. Deseño de preguntas e opcións de respostas. Interpretación da información recollida. Os anuncios. Análise da información. Expresión da opinión propia. Familias de palabras. Uso punto (seguido / aparte). Os pronomes. Ortografía: palabras con x.	12	16			X
8	Ciencia ou ficción?	Lectura, entoación e comprensión. Texto teatral. Interpretar un personaxe. O diálogo. A lenda. Investigación: lendas do noso pobo. Texto explicativo. Búsqueda de información: mulleres científicas. Exposición oral dos resultados. Recomendar unha película. Películas sobre igualdade. A reseña. Palabras derivadas. Ampliación do vocabulario. O verbo. Concordancia en persoa e número co suxeito. Signos de exclamación e interrogación. Ortografía: palabras con h.	12	16			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que esperamos do cole?	16

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira acompañada, a información explícita.	Le e extrae a idea dun texto escrito adecuado ao nivel.	PE	60
CA3.7 - Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, individuais ou colectivos, integrando recursos gráficos ou paratextuais sinxelos que faciliten a comprensión do sentido global do texto.	Escribe texto sinxelo integrando recursos gráficos (ilustración)		
CA5.5 - Reproducir, a partir de modelos dados, textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas.	Completa un conto dado, con coherencia e cohesión.		
CA5.6 - escoitar e ler textos variados da literatura infantil universal e galega, que recollan diversidade de autores e autoras, recoñecendo elementos básicos dos distintos xéneros literarios e interpretándoos e relacionándoos con outras manifestacións artísticas de maneira acompañada.	Escoita textos e relaciona coas ilustracións.		
CA5.7 - Producir, de maneira acompañada, textos sinxelos individuais ou colectivos con intención literaria, recreando de maneira persoal os modelos dados.	Crea un conto sinxelo a partir dun dado, cambiandmo palabras clave.		
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Compara e recoñece títulos do mesmo conto en galego e castelán.		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físcos ou dixitais.	Recoñece orde alfabética. Separa en sílabas.	TI	40
CA1.1 - Amosar interese e respecto polas distintas linguas e variedades dialectais de Galicia, incluída unha primeira aproximación ás linguaxes de signos, identificando as empregadas no seu ámbito familiar.	Mostra respecto pola lingua que empregan os seus compañeiros/as. Identifica a lingua empregada.		
CA1.2 - Recoñecer a existencia de prexuízos e estereotipos lingüísticos frecuentes, ofrecendo alternativas e valorando a pluralidade lingüística da súa contorna e, particularmente, a dualidade lingüística xeral galego-castelán como unha fonte de riqueza cultural.	Emprega as dúas linguas oficiais.		
CA1.3 - Recoñecer as distintas linguas empregadas na súa contorna a través da interacción coas persoas próximas.	Recoñece a lingua empregada por alumnado e profesorado.		
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Emprega o galego na situación comunicativa que o require. Produce textos curtos coherentes (nivel oración).		
CA2.5 - Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, incorporando estratexias elementais de escoita activa e respectando as normas básicas da cortesía lingüística.	Participa en interaccións orais. Respecta as normas de cortesía.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra desde unha reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Recoñece e valora o emprego oral do galego. Emprega un tono axeitado.		
CA5.1 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversos autores e autoras da literatura galega, axustados aos seus gustos e intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le un conto en prosa e outro en verso. Velocidade lectora axeitada ao seu nivel.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Biografía lingüística persoal e do seu centro educativo. - Valoración da diversidade da lingua na contorna e na nosa comunidade autónoma. - Identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos. - A diversidade etnocultural e lingüística como riqueza e ferramenta para achegarse á súa contorna. - Xéneros discursivos - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo e exposición. - Procesos: interacción oral - Interacción oral adecuada en situacións de aula, mobilizando estratexias básicas de cortesía lingüística e asertividade. - Participación activa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando frases cunha secuencia lineal sinxela e coherente, construíndo o discurso de acordo coas necesidades comunicativas de cada situación. - Procesos: comprensión oral - Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que incidan no significado da mensaxe que se quere transmitir. - Estratexias para a utilización da linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe (escoitar e preguntar) e para a identificación e interpretación do sentido global de textos orais e multimodais sinxelos. - Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e de discriminación polo uso do galego como lingua de comunicación. - Procesos: produción oral. - Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. Pronuncia e entoación adecuadas, atendendo á particularidade fonética da lingua galega. - Creación de textos orais utilizando unha linguaxe verbal non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. - Xéneros discursivos - Estratexias para a comprensión lectora de textos sinxelos, da literatura galega, de uso cotián. - Elementos básicos de contido (tema, léxico) e forma (estrutura, título, imaxes). - Intención comunicativa e claves da tipoloxía textual básica: narración, descrición, diálogo.

Contidos

- Procesos: comprensión lectora.
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Procesos: produción escrita
- Uso de elementos gráficos e paratextuais básicos que faciliten a organización e comprensión do texto.
- Lectura acompañada e comentada de diversos textos literarios en lingua galega, adecuados aos seus intereses e organizados en itinerarios lectores.
- Construción da identidade lectora empregando textos da literatura galega. Estratexias para a expresión de gustos e intereses.
- Os elementos constitutivos esenciais da obra literaria (tema, protagonista, personaxes secundarios).
- Relación entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas e culturais.
- Elaboración de textos con intención literaria en galego, a partir de modelos dados ou recreando textos literarios.
- Creación de textos literarios sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.
- Identificación de xeito acompañado de recursos literarios básicos.
- Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas do seu ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada e progresar na súa aprendizaxe.
- Aproximación á lingua como sistema con distintos niveis: sons e letras, palabras, oracións e textos. Observación e comparación de unidades comunicativas básicas.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.

UD	Título da UD	Duración
2	Comemos produtos de tempada.	18

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Ampliar paulatinamente o vocabulario a partir das experiencias e situacións cotiás.	A partir de temas tratados, incorpora novo vocabulario empregándoo.	PE	70
CA3.2 - Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade, aplicando os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Le e comprende un texto dado. Comprende o vocabulario traballado		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Toma de conciencia da experiencia persoal e do modo de relacionarnos cos demais e con Deus. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - María, Nai da Igrexa. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Hábitos e actividades para o logro dos obxectivos de desenvolvemento sostible á luz da ética cristiá.

UD	Título da UD	Duración
4	Contos que emocionan	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Valora e implementa nas súas relacións na aula os xestos de coidado en prol da dignidade da vida das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza.	TI	100
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Agradece o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, e tomando conciencia da propia responsabilidade no coidado do planeta e do benestar das persoas que están ao noso carón.		
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia favorecendo accións responsables que posibilitan a construción dun mundo máis inclusivo e equitativo.		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica as capacidades e propias potencialidades que favorecen o crecemento persoal e o autoconecemento, creando ambientes que promovan o espírito crítico e a reflexión.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A centralidade da persoa na mensaxe cristiá. - As relacións cos outros como oportunidade de autoconecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - Xesús anuncia o Reino de Deus: fraternidade e misericordia. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - A importancia do perdón para a construción de relacións sociais sólidas, solidarias e fraternas. O sacramento da reconciliación. - Tipos de oración: características e diferenzas. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Unha mirada cristiá á realidade: a toma de conciencia das situacións sociais inxustas.

UD	Título da UD	Duración
5	Chega a Semana Santa!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Amosa actitudes de esforzo na mellora na adquisición de destrezas e habilidades sociais axeitadas que melloren e favorezan a súa inclusión nos grupos da clase, analizando, dende a reflexión, comportamentos de coidado, solidariedade e perdón entre iguais.	TI	100
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Identifica algúns valores universais que promoven a cooperación, resolución pacífica de conflitos e a construción dunha sociedade máis inclusiva, xusta, igualitaria e solidaria, esforzándose en levalos a realidade na súa contorna máis cercana e recoñecéndoos nos demais.		
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Recoñece e explica, na medida das súas capacidades, expresións artísticas e culturais relacionadas cos tempos litúrxicos de Cuaresma, Semana Santa e Pascua, entendendo a fundamentación que conforman a cada un deles.		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	É quen de expoñer aquilo que máis interese lle suscita das celebracións e tradicións relacionadas cos tempos litúrxicos de Cuaresma, Semana Santa e Pascua.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Valora e aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a súa evolución persoal e de aprendizaxes, reconducindo e adquirindo habilidades para xestionar os conflitos que van xurdindo nas relacións sociais e que axudan a madurar e evolucionar.		
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Expón dun xeito cronolóxico os aspectos históricos máis importantes da biografía de Xesús relacionados coa Cuaresma, Semana Santa e Pascua, entendendo o seu papel na historia do pobo de Israel e no nacemento e evolución do cristianismo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - Técnicas de mediación para a resolución pacífica de conflitos á luz do Evanxeo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Identificación de diversos símbolos e tradicións relixiosas, en torno ao calendario litúrxico e os sacramentos. - Transmisión do sentimento relixioso a través da música e as artes. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Obras artísticas que representan momentos da tradición bíblica e que son configuradoras da súa identidade cultural. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Ética do coidado: a responsabilidade, a compaixón, o perdón e o amor.

UD	Título da UD	Duración
6	Os amigos de Xesús !	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e expresar a través de composicións orais, escritas e artísticas os elementos crave da dignidade e a identidade persoal, relacionándoas con diferentes situacións vitais, tendo en conta biografías e relatos bíblicos de vocación e misión.	Identifica diversas expresións artísticas da súa contorna relacionadas con diferentes celebracións da tradición xudeocristiana, valorando súa achega á identidade e tradicións do lugar.	TI	100
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Amosa actitudes, a través de accións, palabras e xestos, o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal.		
CA1.5 - Colaborar e promover cos demais a análise de situacións que prexudican ou melloran a convivencia e a posta en marcha de accións responsables que favorezan a construción dun mundo máis equitativo e inclusivo.	Promove cos demais situacións que melloran a convivencia favorecendo accións responsables que posibilitan a construción dun mundo máis inclusivo e equitativo.		
CA1.7 - Admirar diferentes expresións do patrimonio cultural e da relixiosidade popular, recoñecendo a súa beleza e o seu significado relixioso e a súa vinculación con textos bíblicos, valorando a súa achega á identidade cultural.	Recoñece e explica, na medida das súas capacidades, expresións artísticas e culturais relacionadas cos tempos litúrxicos de Cuaresma, Semana Santa e Pascua, entendendo a fundamentación que conforman a cada un deles.		
CA1.10 - Identificar as virtudes e actitudes que axudan a un crecemento persoal e espiritual, a través do autoconecemento e do acceso a outras experiencias de personaxes da tradición cristiá.	Identifica as capacidades e propias potencialidades que favorecen o crecemento persoal e o autoconecemento, creando ambientes que promovan o espírito crítico e a reflexión.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Identifica a o grupo humano que conforma a Igrexa como aquel que ten a responsabilidade de velar pola transmisión das ensinanzas de Xesús en canto a defensa, apoio e axuda ás persoas máis vulnerables e en situación máis desfavorecida, independentemente das súas circunstancias vitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - As relacións cos outros como oportunidade de autocoñecemento e crecemento persoal. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - Antigo e Novo Testamento. - Relatos bíblicos que describen a vida de Xesús de Nazaret cos Apóstolos e as primeiras comunidades cristiás. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía. - Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común. - Actitudes de respecto e inclusión para crear contornas de convivencia intercultural.

UD	Título da UD	Duración
7	O álbum de fotos de Xesús.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Desenvolver sensibilidade sobre o valor da vida e da igual dignidade do ser humano, e o seu papel no coidado da natureza, tomando como modelo personaxes bíblicos e da tradición cristiá.	Valora e implementa nas súas relacións na aula os xestos de coidado en prol da dignidade da vida das persoas e é consciente da súa importancia no coidado e protección dos animais e da natureza.		
CA1.3 - Adquirir destrezas e habilidades sociais que potencien a súa inclusión no grupo e contornas culturais próximos, a través da lectura de pasaxes bíblicas do Novo Testamento e a análise de comportamentos de coidado, responsabilidade, solidariedade e perdón.	Esfórzase por evolucionar na adquisición de destrezas e habilidades sociais axeitadas para mellorar súa inclusión nos grupos sociais máis próximos.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Apreciar as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, tomando como punto de partida os relatos sobre a comunidade de Xesús de Nazaret, os Apóstolos e a Igrexa, asumindo responsabilidades no coidado das persoas e do planeta.	Amosa actitudes, por medio de accións, palabras e xestos, o tempo compartido e aprecia as relacións sociais como fonte de felicidade e desenvolvemento persoal, e tomando conciencia da propia responsabilidade no coidado do planeta e do benestar das persoas que están ao noso carón.		
CA1.6 - Distinguir algúns dos valores propios do cristianismo e a súa presentación en pasaxes dos evanxeos, para aplicar a cooperación e a mediación, a resolución pacífica de conflitos e a construción do ben común en situacións próximas.	Identifica algúns valores universais e propios tamén do cristianismo que permiten traballar na mellora da cooperación entre as persoas, na resolución pacífica de conflitos e na construción dun mundo máis equilibrado, xusto e inclusivo.		
CA1.8 - Observar nas celebracións litúrxicas, os espazos sacros e os sacramentos da Igrexa elementos esenciais do cristianismo, poñéndoos en relación coa vida de Xesús e a tradición da Igrexa.	É quen de expoñer aquilo que máis interese lle suscita a historia e as tradicións relacionadas cos diferentes momentos da vida de Xesús.		
CA1.9 - Recoñecer e valorar o encontro cos demais como oportunidade para o desenvolvemento da propia interioridade, tendo como referencia os encontros de Xesús de Nazaret.	Valora e aproveita o encontro cos demais como oportunidade para a súa evolución persoal e de aprendizaxes, reconducindo e adquirindo habilidades para xestionar os conflitos que van xurdindo nas relacións sociais e que axudan a madurar e evolucionar.		
CA1.11 - Comprender a importancia da alianza de Deus co pobo de Israel que ten a súa continuación en Xesucristo, e as súas achegas sociais e culturais na historia.	Expón dun xeito cronolóxico os aspectos máis importantes da biografía de Xesús, entendendo o seu papel na historia de Israel e na aparición de cristianismo.		
CA1.12 - Valorar a Igrexa como comunidade que continuou coa misión de Xesús resucitado, desde as primeiras comunidades cristiás ata a actualidade, recoñecendo as súas celebracións, tradicións e contribucións sociais.	Identifica a o grupo humano que conforma a Igrexa como aquel que ten a responsabilidade de velar pola transmisión das ensinanzas de Xesús en canto a defensa, apoio e axuda ás persoas máis vulnerables e en situación máis desfavorecida, independentemente das súas circunstancias vitais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identidade persoal e relacións en diálogo coa mensaxe cristiá. - A dignidade do ser humano. - Cosmovisións, tradición cristiá e cultura. - A relación de Xesús coas persoas do seu tempo. - María, Nai da Igrexa. - A Igrexa, Pobo de Deus, como comunidade que vive e celebra. O sacramento da Eucaristía.

Contidos

- Aprecio da importancia de vivir a fe en comunidade para a persoa crente.
- Valor cultural e artístico do patrimonio da diocese.
- Habitar o mundo plural e diverso para construír a casa común.
- Proxectos de servizo e solidariedade promovidos pola Igrexa.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía para a materia de relixión católica fundaméntase na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, en experiencias de aprendizaxe significativo e emocionalmente positivas, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo dos alumnos e alumnas, no aprendizaxe individualizado e cooperativo, na relación dos aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, ao emprendemento e á aplicación dos saberes.

Para a atención personalizada, na aula utilizamos dinámicas de educación emocional e comunicación empática. O método de traballo pode ser individual ou cooperativo, en grupo pequeno ou con todo o grupo-clase: realizaranse tarefas que promovan a colaboración, non a competitividade, e aplicaranse técnicas de traballo formal e non formal. Aplicaremos os principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe) proporcionando varios xeitos de implicación, múltiples formas de representación da información e múltiples formas de acción e expresión do aprendizaxe. Trátase de que todo o alumnado teña oportunidade de aprender.

A nivel máis concreto usaremos situacións de aprendizaxe que recrean na aula situacións significativas e cotiás do entorno persoal, familiar, social e cultural dos nenos e nenas e que se refiren ás súas necesidades e intereses.

A complexidade dos retos e problemas que presentan estas situacións serán axeitados ao desenvolvemento do alumnado. As actividades que se programen terán que provocar o diálogo, o pensamento creativo e autónomo, o bó trato, a convivencia e o respecto á diferenza.

Outra metodoloxía fundamental nesta etapa é o xogo. Utilizaranse xogos que traballen e desenvolvan a atención, memoria, imaxinación, creatividade, comunicación e a expresión en diferentes linguaxes.

En resumo, a metodoloxía de traballo baséase nos seguintes puntos:

- Traballo por tarefas integradas, relacionados coa vida cotiá que terán que resolver de modo grupal, interactuando e argumentando as súas decisións.
- Contextos compartidos: cunha periodicidade semanal realizaremos agrupamentos por ciclo para traballar tarefas, proxectos e/ou obradoiros concretos.
- Aprendizaxe cooperativa. Establecemos unha liña de aprendizaxe cooperativo desde 3 anos ata 6º, traballando unhas estruturas e dinámicas básicas que se van ampliando segundo avanza a súa escolaridade. Coa aprendizaxe cooperativa buscamos atender á diversidade e lograr unha escola inclusiva.
- Atenderase aos ritmos e necesidades individuais do alumnado.
- Xogos e dinámicas de grupo e interpersoais entre os distintos nenos/as.
- Atenderase as intelixencias múltiples.
- Traballaremos en relación cos proxectos que vaian xurdindo de xeito global e integrado.
- Partiremos do método científico e da resolución de problemas funcionais e relacionados coa experiencia cotiá para propiciar que o alumnado empregue habilidades de razoamento e reflexión.
- Enfoque globalizado, de xeito que a través dos proxectos, tarefas e actividades a traballar se engloben todas as áreas posibles.
- Empregaranse as novas tecnoloxías da información e a comunicación como medio para mellorar a nosa expresión e como búsqueda e tratamento da información.
- Partiremos da aprendizaxe significativa para crear novos coñecementos.
- Potenciaremos o desenvolvemento das habilidades sociais e grupais.
- Traballaremos as competencias a través de experiencias directas como no caso do horto escolar.
- Potenciarase a aprendizaxe lúdica e a participación activa.
- Proporcionarase variedade de recursos e espazos, así como flexibilización temporal en función das necesidades individuais ou de grupo.
- Autoavaliación do alumnado e do profesorado. O alumnado e o profesorado terán que autoavaliar o seu traballo, as súas melloras, o seu logro dos obxectivos, os seus puntos fortes e aqueles aspectos nos que haxa que mellorar.

- Aprender a pensar. Promoveranse estratexias para aprender a razoar e a argumentar as súas opinións; así como a defender as súas ideas.
- Aprender a observar, a analizar e deducir o que entra polos nosos sentidos.
- Potenciación da lectura comprensiva e o gusto pola lectura no seu tempo de lecer como aspecto fundamental para a adquisición de aprendizaxes..

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa e dirixida ao logro dos obxectivos de das competencias clave. Atenderase aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e a atención personalizada en función das necesidades individuais do alumnado; de xeito que se establezan os mecanismos de reforzo no momento que se detecten as dificultades de aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material específico e convencional da aula
Material impreso
Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC)
Material non específico. Material do medio natural, de refugallo...
Materiais diversos
Recursos persoais ou humanos
Material funxible variado

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e, especialmente ás características individuais do noso alumnado, atendendo ao artigo 4 da LOMLOE "Ensino básico, sinalase: Cando tal diversidade requírao, adoptaranse as medidas organizativas, metodolóxicas e curriculares pertinentes (...) conforme aos principios do Deseño universal de aprendizaxe".

Estes materiais permitirán distintos graos de uso; para iso, serán o máis diversos posible, e ofrecerán múltiples posibilidades de utilización en función das necesidades de cada situación e momento. Entre outros, para o correcto desenvolvemento desta programación precisaremos:

*Material específico e convencional da aula: Encerado, mesas, sillas, paneis, xogos e puzzles, Biblioteca de aula...

*Material impreso, coma os libros: a Biblia (infantil e xuvenil), contos, cómics, libros de personaxes sagrados, parábolas en láminas de cores, fichas de traballo tanto de carácter individual como colectivo cando o traballo sea en grupo.

*Material informático e medios audiovisuais. Tecnoloxía da Aprendizaxe da Información (TAC) e TIC: ordenador con conexión a internet, canón de video, tabletas, CDs, páxinas web, xogos on line, xogos informáticos, películas animadas do Antigo e do Novo Testamentos así como tamén películas e cortos que permitan traballar dun xeito máis atractivo e motivador os contidos a traballar.

*Material non específico: Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vínculo coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo, ademais de espertar o interese por explorar e experimentar cos elementos que as nenas e os nenos teñen ao seu dispor. Podemos clasificalo en natural (o que

recollemos no patio, nunha saída... como pedriñas, follas, piñas para decorar nas datas de Nadal...). E, material reciclado. Isto é material que daremos unha segunda vida reutilizándoo na aula para diferentes actividades lúdicas dentro da nosa clase de relixión (ademais traballamos o tema transversal de educ. para o consumo e a educación ambiental) Ex: vasos de iogur, tapas de botella, botellas de plástico pequenas, rolos de papel hixiénico... para que o alumnado, coa nosa revisión, sexa quen de elaborar sus propios xogos ou adornos.

*Recursos persoais ou humanos: Alumnado con ganas e ilusión por aprender, mestres colaboradores e familias ou visitas, e institucións locais, axudarán no mellor aproveitamento de todas as posibilidades da nosa contorna.

*Material funxible variado: lapis, goma de borrar, folios brancos, folios de cores, papel charol, papel de seda, papel pinocho, cartolinas, plásticos transparentes, ceras, rotuladores, plastilina, cola, pegamento, tesoiras,...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Facer unha avaliación inicial permítenos apreciar os coñecementos previos do alumnado para realizar as adaptacións oportunas e necesarias e poder partir dos seus coñecementos previos á hora de levar a cabo o desenvolvemento das diferentes secuencias didácticas e actividades

Neste nivel usaremos unha rutina de pensamento visual, diálogos, exposicións de experiencias vitais para nenos e nenas coa finalidade de explorar o grao de coñecemento sobre os diferentes contidos que se van traballar en dada momento do curso, sempre partido do entorno máis cercano ao neno.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	14	14	18	14	14	14	12	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora.

A Avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante os instrumentos: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento do caderno, e algunha proba obxectiva. Servirá para ver se acadan obxectivos e competencias previstos e ademais para comprobar se se segue co tema ou hai que retomar aspectos que non quedan claros

Os criterios de cualificación son os instrumentos que se utilizan para obter o resultado da cualificación do alumnado nunha determinada avaliación.

Estes instrumentos (que establecerei con escalas de observación, rexistros, rúbricas... segundo a consecución do logro de maior a menor grado) permitiranme recoller información relevante sobre os resultados de aprendizaxe e en base aos seguintes criterios de cualificación:

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

a) Implicación e esforzo na materia: 45%

Aproveitamento do tempo.

Esforzo e participación activa en cada sesión.

Implementa accións encamiñadas a amosar respecto polos compañeiros e as súas aportacións.

Identifica ás normas de funcionamento na clase.

Atende e participa nas explicacións.

Responde as preguntas orais / escritas (competencia en comunicación lingüística)

b) Parte conceptual. Análise das producións individuais: 15%

O traballo está completo e corrixido. Presentación e limpeza.

Realización das tarefas e actividades cumprindo as normas da clase (plásticas, escritas, orais..)

c) Parte procedimental (actividades máis prácticas): Manualidades, xogos, actividades coas novas tecnoloxías (competencia dixital): 32%

d) Comportamento en xeral na aula en referencia á materia 8%

Cos resultados obtidos dos instrumentos que medimos na avaliación asignarase unha cualificación.

O método de avaliación será o de avaliación continua, como xa comentei con anterioridade, onde o alumno/a será avaliado constantemente. Desta avaliación xurdirán as diferentes cualificacións por trimestre e a final.

Os Niveis de Frecuencia a empregar: Sempre - Case Sempre - Nunca - Case Nunca.

Criterios de recuperación:

Cando o alumno ou alumna non supere os mínimos establecidos, deberei centrar a miña práctica docente en garantir a súa consecución. Para elo, servireime da repetición dos mínimos de aprendizaxe nas unidades didácticas, ou a inclusión de mínimos de menor dificultade en unidades posteriores.

Nesta fase faise unha revisión da avaliación, centrada, sobre todo, no alumnado que aínda non superou as aprendizaxes.

- Realizar probas específicas para a recuperación das aprendizaxes non superadas (sempre que eu, como mestra, o considere necesario).

- Establecer medidas para a recuperación de estándares como: o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles, as modificacións ou adaptacións do currículo que se recollen nun Plan de traballo individualizado.

Todas estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como sexan detectadas as dificultades. Estas medidas van dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo, que está orientado ó dominio das aprendizaxes instrumentais e a adquisición das destrezas e habilidades de traballo e estudo.

6. Medidas de atención á diversidade

A finalidade destas medidas é adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado da aula.

No día a día tentaremos articular medidas para acadar os obxectivos propostos, como as seguintes:

- Organización da aula en agrupamentos que posibiliten a colaboración e a cooperación: traballo en equipo, por parella, individual...

- Partir dos coñecementos previos para adaptar e individualizar o proceso de ensino-aprendizaxe.

- Potenciar a autonomía e a reflexión persoal empregando diversas metodoloxías na resolución das tarefas.

- Empregar recursos e materiais diversos: audiovisuais, manipulativos, tecnolóxicos.

- Favorecer un clima de confianza e respecto, potenciando o diálogo no aula.

Ademais, e segundo o que nos di a LOMLOE, o artigo 75 sinala a necesidade de actuar baixo o prisma da inclusión e atención á diversidade en todos os ámbitos educativos, polo tanto, adecuarase o proceso de ensino aprendizaxe a aqueles nenos que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar NEAE (necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar) establecendo as medidas oportunas, curriculares e organizativas, do tipo de:

- Detectar as necesidades educativas o máis pronto posible coa colaboración do Departamento de Orientación.

- Mobilizar os recursos humanos e materiais precisos ante a detección de necesidades concretas dun/ha alumno/a.

- Adaptar os tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

- Realizar programas de reforzo e de ampliación, de ser preciso, establecendo plans de reforzo individuais.

- Organizar, por parte do Departamento de Orientación, os reforzos e apoios do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe

- Elaborar, por en práctica e manter actualizadas as necesarias AC.

- Permanecer durante un curso máis na etapa, ou flexibilizar, de ser necesario.

Por último, cabe destacar que como mestra especialista, ante unha eventual dificultade (de calquera índole) dun neno ou nena da aula, comunicareillo a mestra-titora, expoñendo a situación e buscando a vía máis axeitada co fin de

prestarlle ao pequeno a axuda e guía que precisa para seguir avanzando na seu proceso de aprendizaxe.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Tolerancia, respecto e compañerismo	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero...	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comunicación audiovisual e TAC	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento da creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a PAZ.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Expresión oral e escrita, positivas	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Fomento do emprendemento	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Fomento do espírito científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.14 - Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual	X	X	X	X	X	X	X
ET.15 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.16 - Educación para o emprego responsable do tempo libre e lecer		X	X	X	X	X	X

Observacións:

Para traballar interdisciplinarmente en todas e cada unha das unidades didácticas en beneficio dunha educación integral e sostible, no currículo LOMLOE destaco os seguintes ELEMENTOS TRANSVERSAIS que serán eixes vertebradores de todo o proceso de e-A:

- * Educación para a superación de desigualdades por razón de xénero: Igualdade de dereitos e oportunidades entre ambos sexos.
- * Comunicación audiovisual e TIC e TAC: Formación para o aprendizaxe e a utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación.
- * Competencia dixital
- * O fomento da creatividade no alumnado
- * Educación para o respecto ao medio ambiente. Educación ambiental.
- * Educación moral e para a PAZ. Durante o curso traballaremos o control da respiración e os momentos de silencio.
- * Comprensión da lectura. A comprensión lectora que faremos de xeito cooperativo, porque o esforzo en equipo, facilita máis éxitos individuais e favorece a igualdade de oportunidades, positivas.
- * Expresión oral e escrita.
- * Se fomentará o espírito científico, e o emprendemento.
- * Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.
- * Educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.
- * Educación emocional e en valores.
- * Educación para a utilización responsable do tempo libre e de lecer. Bo emprego do ocio e do tempo libre. Culturalidade.

A área de Relixión Católica ten unha gran compoñente de educación en valores, polo tanto tamén inclúo neste apartado, para traballar dun xeito transversal en todas as unidades e pequenos proxectos, valores fundamentais coma o respecto e compañeirismo, amizade, o amor, a alegría, o perdón, a importancia da familia independentemente do tipo de familia que sexa, compartir, axudar, a caridade, a tolerancia, a interculturalidade....

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Dinámica de cohesión: a pelota.	Durante as primeiras sesións do curso, levarase a cabo esta dinámica de cohesión, que será moi importante posto que este curso estarán agrupados 3º e 4º.	X		
Manualidades de Nadal	Elaboración dunha manualidade de Nadal que irá para a ambientación navideña do fogar de cada neno e nena.	X		
Lecturas felices	Pequenos proxectos que partirán dunha sesión de contacontos. Os contos elixidos serán os de contido alusivo a transmisión de valores universais e educación emocional.	X	X	X
Manualidade de Semana Santa / Pascua	Elaboración dunha manualidade característica de Semana Santa e/ou Pascua relacionado co contido traballado en relación con estes dous tempos litúrxicos.		X	X

Observacións:

A LOMLOE no artigo 5bis, di:

A educación non formal no marco dunha cultura da aprendizaxe ao longo da vida, comprenderá todas aquelas actividades, medios e ámbitos de educación que se desenvolven fóra da educación formal e que se dirixen a persoas de calquera idade con especial interese na infancia e a mocidade, que teñen valor educativo en si mesmos e foron organizados expresamente para satisfacer obxectivos educativos en diversos ámbitos da vida social tales como a capacitación persoal, promoción de valores comunitarios, animación sociocultural, participación social, mellora das condicións de vida, artística, tecnolóxica, lúdica ou deportiva, entre outros. Promoverase a articulación e complementariedade da educación formal e non formal co propósito de que esta contribúa á adquisición de competencias para un pleno desenvolvemento da personalidade.

As actividades complementarias que propoño serán experiencias de aprendizaxe emocionalmente positivas e divertidas, e, aplicaranse nun ambiente de afecto e confianza, para potenciar a súa autoestima e integración social e o establecemento dun apego seguro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Emprego de ferramentas TIC
Priorizo os valores cristiáns e procedementos, sobre os conceptos
Medidas de atención á diversidade
Utilizo medidas de atención á diversidade
Clima de traballo na aula
Consigo que o alumnado traballe en equipo
Tento facer clases amenas e motivadoras
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Traballo en equipo con outros mestres/as
Implico as familias
Outros
Avalío constantemente miña propia práctica docente

Descrición:

PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR

- Economía de fichas que traballen sobre os estándares definidos da unidade.
- Probas escritas que recollan os estándares de aprendizaxe.
- Produtos finais derivados de tarefas aplicadas en contexto real.
- Debuxos que representen aquilo que aprenderon.
- Diferentes ferramentas de auto e coavaliación do traballo realizado na aula.

INDICADORES DE LOGRO

Os indicadores de logro marcan o grado de cumprimento do alumnado dun estándar de aprendizaxe e, en consecuencia dunha competencia específica

A normativa recolle que "o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicacións de logro nas programacións docentes" polo tanto ademais da avaliación do alumnado, neste apartado inclúo a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe e miña propia actuación como mestra de Relixión.

* Avaliación da programación:

.Que porcentaxe do alumnado alcanzou os obxectivos e de aprendizaxe da unidade?

.Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

.Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?

* Avaliación e análise da miña propia actuación, tendo en conta aspectos como a PROGRAMACIÓN en si, a adecuación de obxectivos e contidos, ou axuste ás características e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade, os recursos e o uso que fixen das TIC, se os elementos transversais incluídos foron suficientes, como foi a organización e clima da aula, a interacción co resto da comunidade educativa e coas familias durante todo o curso. Será global, formativa e continua e, farase de xeito continuo a través da reflexión diaria sobre ou traballo que se leve a cabo co alumnado e cos resultados obtidos; levarase a cabo en tres momentos: inicial para comprobar coñecementos previos e ou momento evolutivo do alumno/a. Continua ou formativa que se realiza durante ou proceso e, obsérvanse e valóranse os progresos, dificultades e necesidades do alumno/a para axustar a intervención pedagóxica.

E, final ou sumativa ao concluír ou proceso de E-A que me permitirá comprobar e valorar o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a eficacia do traballo da propia práctica como docente e de todo o proceso en si.

Os procedementos e instrumentos de avaliación do aprendizaxe dos alumnos que usaremos son os seguintes:

*Observación directa e sistemática : como xa comentei, con escalas de observación, rexistro anecdótico persoal, rúbricas, rexistro dos alumnos en canto a esforzo, actitude, interese e participación.

*Expresión oral de experiencias e contidos: diálogos, asembleas, postas en común, preguntas individuais e en grupo

*Traballo na aula: análise da produción dos alumnos (plásticas, escritas, orais) en,

-Fichas de actividades e xogos de cada U.D.

-Fichas- resumo ou de atención das unidades didácticas do trimestre

-Pequenos traballos en gran ou en pequeno grupo

-Traballo cooperativo

-Manualidades, pasatempos

-Xogos de mesa, de creatividade,

-Actividades coas novas tecnoloxías: co ordenador, coa PDI, coas gafas virtual, co escornabot, na aula virtual...

Como xa comentei, para a avaliar empregarei diferentes técnicas, como pode ser observación directa ou sistemática e utilizarei instrumentos de recollida de datos coma fichas escritas de control, anecdotarios, escalas de estimación, entrevistas coas familias (se fose preciso). Tamén avaliarei a actitude do alumno/a perante a sesión. Non haberá exames como tales. As notas actualizaréas no programa XADE cada trimestre.

En caso de ter un caso de NEE na aula, avaliarei segundo a súa ACI, sen impedir promocionar ao alumnado

En caso de NEAE, adaptaremos a avaliación a esas necesidades.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

PROCEDEMENTOS DE SEGUIMENTO

Coa LOMLOE se establece que a avaliación será continua e global e que se deben establecer medidas de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no proceso de E-A de cada alumno/a.

Ao ser unha avaliación continua: levase a cabo día a día, tanto de maneira global, da marcha da clase, como individualizada, mediante:

* o seguimento a través da aplicación Proens, revisando os datos de cada UD: data de inicio e final, sesións previstas e sesións realizadas, grado de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións .

*e os instrumentos xa sinalados para cada Ud.: observación das actitudes dos alumnos/as, habilidades e destrezas adquiridas, traballo de clase, seguimento da economía de fichas ou do caderno, e probas obxectivas. Servirá para ver se van acadando os obxectivos e competencias previstos e ademais para que o mestre/a sepa se pode seguir avanzando ou ten que retomar aspectos que non quedaron demasiado claros.

A AVALIACIÓN do alumnado, se levará a cabo por parte do equipo docente de forma colexiada e nunha única sesión ao finalizar o curso. O resto, son parte do proceso de seguimento do progreso dos alumnos/as, isto é, avaliación continua que se fai cada trimestre do curso.

PROPOSTAS DE MELLORA de cara ao presente curso e de cara ao seguinte ano académico:

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Niveis de Frecuencia: SEMPRE -CASE SEMPRE- NUNCA - CASE NUNCA.

PROPOSTAS DE MELLORA

* Preparación da clase e dos materiais didácticos

- Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases.

- Existe unha distribución temporal equilibrada.

- O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.

* Utilización dunha metodoloxía adecuada e de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais (TIC e TACs)

- A metodoloxía axústase ás necesidades e intereses do alumnado.

- A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a

- Faise uso de distintos recursos, incluíndo diversos medios audiovisuais e Tecnoloxías da aprendizaxe e Comunicación (TACs)

* Regulación da práctica docente

- Grao de seguimento dos alumnos medio- alto .

- Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.

- Os criterios de promoción están acordados entre os profesores.

* Avaliación das aprendizaxes e información que deles se lles dá ao alumnado e ás familias

- Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos.

- Consecución dos alumnos dos estándares de aprendizaxe programados

- Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.

- Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.

- Os aprendizaxes mínimos e os criterios de cualificación déronse a coñecer:

* Aos alumnos.

* Ás familias.

* Utilización de medidas para a atención á diversidade

- Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.

- As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.

- Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos.

9. Outros apartados